



Abril 2007

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Especial

Pequena explotación: ¿residuo ou alternativa de futuro?

No presente Fouce, publícase a primeira parte dos relatorios que deron contido ao Seminario sobre Pequenas Explotacións, organizado polo Sindicato Labrego o 15 e o 16 de febreiro. Nesta ocasión, tocoulle a quenda ao catedrático Xoán Carlos Carreira. No seguinte número, será a do profesor Xabier Simón. **Páxs. 11 a 14**

■ Viño

As oliveiras como produción complementaria ao viñado

O 17 e o 18 de marzo, o Sindicato Labrego realizou un curso sobre o cultivo da oliveira en Larouco. A recuperación deste cultivo pode ser unha actividade complementaria á do viñado e, ademais, axudar unha produción con fonda raigame no noso país. **Páx. 17**

■ Agroecoloxía

Encontro estatal de zonas ceibes de transxénicos

O Sindicato Labrego segue a ser a única organización agraria galega que traballa na loita contra os transxénicos. A súa última actividade ao respecto, consistiu en participar no Encontro Estatal de Zonas Ceibes de Transxénicos, celebrado o pasado 19 de marzo. **Páx. 18**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

Os sectores leiteiro e da pataca elixiron directivas en cadanseu congreso

■ O 17 de marzo celebrouse o Congreso do sector leiteiro en Vilalba (Lugo), e elixiuse á gandeira vilalbesa Lupe Prado Losada como nova responsable da Dirección do Leite.

■ En canto á pataca, o seu congreso tiivo lugar en Xinzo de Limia o 31 de marzo, e del saíu como responsable sectorial unha labrega de Sandiás: Manola Cerredelo. **Páxs. 2 a 7**



O SLG advértelle a Lactalis que o leite galego non admite novas baixadas de prezo

Aproveitando a celebración do Congreso do Leite en Vilalba, o Sindicato Labrego realizou unha manifestación diante da factoría de Lactalis-Besnier neste municipio lucense. O acto de protesta serviu para darlle un primeiro aviso a esta industria que

baixou o prezo en febreiro. No mes de abril, Lactalis será un dos obxectivos dunha nova serie de mobilizacións que unirá ás tres organizacións agrarias galegas contra toda aquela industria ou cadea de distribución que baixe os prezos. **Páxs. 8, 9 e 24**



Paridade entre homes e mulleres no SLG: un reto para o VII Congreso

O 10 de marzo, dúas xornadas despois do Día Internacional da Muller Traballadora, dúascentas labregas do SLG concentrábanse diante do Parlamento e marchaban ata a compostelá Praza do Toural para esixir a titularidade

compartida nas explotacións. Esta protesta foi a parte máis soada dun encontro de mulleres que se desenvolveu para debater e fixar propostas de cara a facer real a igualdade dentro e fóra do Sindicato Labrego. **Páxs. 20 e 21**

As minas de cuarzo ameazan a Terra Chá: a herba contra o pelouro

A Terra Chá é unha das bisbarras rurais da Galiza con maior dinamismo e número de profesionais da gandería en activo. Pero iso semella non ter importancia para a empresa mineira Erimsa nin para os gobernantes locais;

senón, non se entende como poden pretender levar para adiante tres concesións mineiras de cuarzo que afectarían a 5.670 hectáreas e que haberá que roubarlle á base territorial de centos de explotacións. **Páx. 10**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Isabel Vilalba
Xoán Carlos Carreira, Mariam
Ferreira, Ramón Barreiro, Charo
Sánchez Parga, Xabier Gómez
Santiso, Mónica Vázquez Branco
e Margarida Prieto.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZA
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

O SLG advirte que non tolerará baixadas no prezo do leite

Manifestación "preventiva" con motivo do Congreso do sector leiteiro do Sindicato Labrego Galego

Na axenda de traballo do Sindicato Labrego estaba prevista a celebración do Congreso do Leite o 17 de marzo. E así foi. Pero aproveitando a presenza de gandeiros e gandeiras de toda Galiza, e despois do ruxe ruxe sobre unha

posíbel baixada nos prezos, o SLG fixo unha concentración diante da factoría de Lactalis-Besnier para darlle unha chamada de atención ás industrias lácteas e esixirlles que, se teñen algo que dicir, que o fagan na Mesa do Leite.

Na mañá do 17 de marzo, trescent@s gandeiros e gandeiras do Sindicato Labrego concentráronse diante da factoría de Lactalis-Besnier, en Vilalba (Lugo), para demandar uns prezos dignos para o leite en Galiza.

Durante a manifestación, o responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego Galego, Xabier Gómez Santiso, comparou o acto de protesta coa "guerra preventiva", en relación ao ruxe ruxe sobre unha posíbel baixada do leite. Santiso afirmou que, no Sindicato Labrego, "non se ten ningunha nova oficial de que o leite vaia baixar, polo que non deberíamos darnos por aludidos; pero o problema é que algunhas industrias, entre elas a que temos fronte a nós, baixaron dúas pesetas no pago da factura do mes anterior. Estamos diante dunha situación que xa é vella, e que consiste en meternos baixadas de pre-



Centos de manifestantes concentráronse diante de Lactalis-Besnier convocad@s polo SLG

zos pola porta de atrás, e non estamos dispostos a admitilo".

Gómez Santiso argumentou que o sector xa leva aturando fortes baixadas nos úl-

timos anos, ao que habería que engadir que, nos dous últimos meses, houbo incrementos consecutivos no prezo do penso, polo que aumentaron os custes da ac-

tividade nas explotacións leiteiras. Por iso, esixiu das industrias que "non baixen o prezo do leite, nin sequera coa baixada habitual da primavera".


"En Galiza, pensamos liderar o sector leiteiro español, pese o que lle pese á Fenil"

O responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego criticou directamente á Federación Nacional de Industrias Leiteiras (Fenil), cuxo presidente é, precisamente, conselleiro delegado de Lactalis-Besnier, e criticouna pola "saña e fobia que lle ten ao sector leiteiro galego" e por boicotear constantemente a Mesa do Leite. Para a Fenil, Santiso deixou unha mensaxe: "existen acordos na Mesa do Leite, porque na Galiza pensamos liderar o sector leiteiro español. Iso, pese o que lle pese á Fenil, porque estamos seguros de que o imos acadar, porque temos os produtores e as produtoras, porque temos o leite, e porque aquí é real-

mente onde está a forza e o corpo deste sector no conxunto do Estado".

Finalmente, Santiso animou aos asistentes a non aceptar os rumores sobre unha posíbel baixada e a esixir que as industrias falen do prezo do leite onde teñen que falar del, que é na Mesa do Leite.

Tamén advertiu que, en caso de confirmarse a baixada do prezo, haberá novas e máis contundentes mobilizacións. O responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego rematou a súa intervención indicando que o traballo por uns prezos dignos ía comezar esa mesma tarde para o Sindicato Labrego coa celebración do seu Congreso do Leite.



Gómez Santiso advertiu que, de confirmarse unha baixada no leite, haberá novas e máis contundentes mobilizacións

Todas as bisbarras leiteiras galegas presentes na Dirección Nacional do Leite

A nova directiva do sector leiteiro no SLG estará coordinada pola gandeira vilalbesa Guadalupe Prado

Tras un merecido xantar, a xente que antes se botou á rúa para manifestarse, sentou na cadeira para debater e elixir á nova Dirección do Leite do Sindicato Labrego e á súa responsá-

bel, a vilalbesa Guadalupe Prado Losada. Así, o Congreso había servir para fixar as reivindicacións e estratexias da organización sindical neste sector; amais de analizar a conxuntura

actual. Neste senso, a demanda fundamental do SLG para o leite galego é que se posibilite a viabilidade económica de todas as explotacións galegas que queiran seguir traballando.

A elixida para coordinar a Dirección do Leite do SLG foi unha gandeira vilalbesa, Guadalupe Prado Losada, que quixo lanzar unha mensaxe de ánimo á afiliación destacando os avances que ten habido no sector, e animándoo a traballar para que se cumpran as demandas sindicais aprobadas no Congreso. Prado recoñeceu que "é posíbel que algunhas non se acaden", pero "hai que lembrar as conquistas que xa fixemos, como conseguir que hoxe xa non haxa especuladores de cota leiteira, ou que se frease un pouco a baixada dos prezos".

Respecto disto último, Guadalupe Prado dixo que "tratar coa industria é difícilísimo, pero avanzar é posíbel", polo que "debemos seguir traballando non só para que os prezos non baixen, senón para conquistar un valor mínimo para o leite que cubra os nosos gastos e os nosos salarios; para que non sigan pechando explota-



Cando se celebrou o Congreso do Leite, aínda había algunhas comarcas que non elixiran aos seus representantes. Ese día, entre titulares e suplentes, pasaron a formar parte da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego: Rocío Castro, Xosé Vázquez, Xoán Carlos Ces, Andrés Carril, Purificación Iglesias, Xosé Vicente Fernández, Rosa Fernández, Bruno Torres, Lidia Otero, Alberte Lorenzo, Xabier Romar, Isabel Rey, Lourdes Varela, Xosé Xenaro Santos, Xoán Cao, Marisol García, María Xesús Marzoa, Xosé Felipe Sanjurjo, Alberte Vázquez, Xosé Cabo, Mercedes Vieito, Manuel Iglesias, Xosé Luís Torres, Erundina Fernández, Narciso Cid, Pedro Sánchez, Xosé Lois Lareu, Olga Otero, Dolores Suárez, Benigno González, Rosa María Varela, Castor Fernández, Concepción Blanco, Xosé Fernández, Xosé Ramón Rodríguez, Estrella Ramos, Xoán Ignacio López, Xosé Neira, Pilar Cervantes, Xosé Regueiro, Guadalupe Prado, Moisés Vispalía, Xosé Luís Cendán, Manuel Paz, Rosario Prieto, Xoán Manuel Díaz, Xosé Anxo Oro, Miguel Louzao, Alfonso Iglesias, Pilar Matos, Elsa González, Elio Gil, Ana María Iglesias, Azucena Diéguez, Antonio Doval, Natalia Pallas, Xosé Manuel Iglesias e María Xesús Martínez.

cións e para fomentar a ilusión na xeración que vén tras nosa para que non marchen".

Antes de rematar a súa intervención, a nova responsable da Dirección Nacional do Leite fixo unha especial

menção do Sindicato Labrego Galego, do que destacou "a súa liña de traballo, forza e transparencia",

e afirmou que "pertencer a unha organización coma o SLG é como para que nos envexen".

Dúas fronteiras de loita para o sector leiteiro: agrocarburentes e prezos

A encargada de clausurar o Congreso do Leite foi a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, que alertou sobre as novas ameazas do sector. Unha delas é a dos agrocarburentes. Senra explicou que a Unión Europea é deficitaria en produtos para alimentación animal, o cal lle fai ser importadora de grandes continxentes de millo e soia para mantenza do gando. As grandes superficies esixidas polos agrocarburentes poden facer que a produción para alimentos animais diminúa aínda máis na Unión Euro-

pea, e tamén nos países de onde importamos, polo que iso se traduciría nun aumento considerable do prezo dos pensos para o gando e, por ende, dos custos das explotacións.

Outro problema tamén é a tentativa de liberalizar o sector que se está anunciando dende a Comisión Europea. Nesta cuestión, non só están en contra as 26 organizacións que integran a Coordinadora Labrega Europea (CPE), da que o SLG forma parte; senón que, nos últimos tempos, uníronse á fronte contraria á libera-

lización sindicatos de Gales e Alemaña.

Tanto nesta cuestión como na dos agrocarburentes, tanto o Sindicato Labrego como a CPE amosaron a súa frontal oposición na xuntanza do Comité Consultivo do 30 de marzo. Tamén dixo a secretaria xeral do SLG que, respecto a unha hipotética baixada do prezo do leite, as cousas deberán aclararse na reunión do grupo de traballo da Mesa do sector. Senra animou á xente presente a "saír con moita forza deste debate, pois posiblemente teñamos que manifestarnos



A alta participación no Congreso do Leite do SLG propiciou uns intensos e ricos debates durante toda a xornada

e facer medidas de presión polo futuro do sector lácteo, para que non se eliminen os sistemas de control da produción. A mobilización de

hoxe foi un punto de partida, porque é posíbel que teñamos que saír manifestarnos en breve de xeito máis contundente".

A afiliación da pataca do SLG elixe por primeira vez á súa directiva

Oito persoas integrarán o novo órgano do Sindicato Labrego, que coordinará Manola Cerredelo Suárez

O 31 de marzo tocoulle a quenda congresual ao sector da pataca. Desta vez, a afiliación das diversas comarcas pataqueiras de Galiza reuniuse na casa de cultura de Xinzo de Limia. Tralos

debates da mañá, elixiuse á Dirección da Pataca do Sindicato Labrego, escolléndose como responsábel do sector a unha labrega de Sandiás: Manola Cerredelo Suárez. Se hai un sector

agrario onde o incremento dos custes de produción e a caída de prezos chegan a ser insolentes, ese é o da pataca, polo que traballo non lles ha faltar aos oito membros da nova directiva.

O Congreso da Pataca comezou ás 11:00 horas cunha intervención inaugural da responsábel do Sindicato Labrego na bisbarra limiá, Rosario Domínguez, que destacou a importancia do evento para o futuro do sector, pois nel íanse "definir cales van ser as liñas sindicais nas que imos traballar durante os vindeiros catro anos". Domínguez tivo un especial recordo da loita desenvolvida por este sector, como "os peches que fixemos nesta mesma casa de cultura; as manifestacións en Ourense, Portugal e Madrid; ou as tractoradas, como a que fixemos a Santiago, que foi unha das nosas maiores mobilizacións. A pesares de todos estes problemas que se viviron, resistimos e acadamos logros". Rosario Domínguez invitou á afiliación a participar activamente nos debates do congreso "para seguir mantendo un sector da pataca forte e vivo".

E así foi. Os debates tiveron bastante animación, sobre todo en cuestións puntuais como a discusión de se o sector da pataca debía integrarse no de hortofruticultura e flor -tema que ficou pendente de resolver no futuro-, ou a necesidade de probar con novos cultivos alternativos aos da pataca para non estar as explotacións tan indefensas ante as crises periódicas que se suceden cada certos anos.

Durante o congreso, someteuse a debate un relatorio no que se analizou a fondo o sector pataqueiro en Galiza e no Estado, e no que se esmiuzaron todas as problemáticas que afectan de cheo aos produtores e produtoras.

Un dos principais problemas é que boa parte das patacas que consumimos veñen de fóra, de países como Francia, durante todo o ano (o país galo pasou de



A casa de cultura de Xinzo foi a sede do primeiro Congreso da Pataca celebrado polo SLG

fornecer co 43% da pataca importada por España en 1994, a vender o 70%, en grande parte debido á venda da produción nas grandes superficies comerciais de

capital francés implantadas no noso territorio: Carrefour, Alcampo, Champion, Dia, etcétera); ou de Exipto, Israel e Marrocos con tubérculos temperáns.

Ademais, tamén existe unha dependencia absoluta das importacións na pataca para semente (fundamentalmente, de Francia e Holanda), o que está a xerar, por ri-

ba, serios problemas sanitarios por utilizarmos castes non adaptadas á nosa climatoloxía e terras; e a regresión das razas autóctonas de calidade. Isto débese no control case monopolístico que exercen os almacenistas, que condicionan a compra da produción á venda previa de semente.

Aínda que o consumo de pataca descendeu, progresivamente, nos últimos anos (en 2004 consumíronse 39'2 quilos de pataca per cápita, un 12'25% menos que en 1998), os cartos gastados por consumidores e consumidoras aumentaron nun 25%; é dicir, cada vez gástase máis en mercar patacas, aínda que se consuman menos, sen que repercuta o aumento de beneficios en quen produce. Así, o relatorio denuncia as marxes abusivas dos intermediarios, mentres que, en moitas ocasións, o valor pagado en orixe non dá nin para cubrir os custes de produción.

Un quintal de propostas cos intermediarios e almacenistas no punto de mira

As propostas que contemplou o relatorio do Sindicato Labrego para solucionar os problemas do sector de pataca foron moitas: establecemento de contratos homologados plurianuais entre produtores, produtoras e almacenistas que garantan prezos e salarios dignos; investigación e control das marxes abusivas na distribución; combater as tentativas de integración da industria (obriga de que os produtores e produtoras lle merquen a semente e os insumos aos propios almacenistas que despois lle van recoller a produción final); potenciar a venda no pequeno comercio, na restauración, e de maneira

directa a consumidores e consumidoras; traballar para que se facilite o acceso das patacas e outros produtos agrícolas galegos nas grandes superficies comerciais; promover a pataca de calidade; orientar as políticas ao abastecemento do mercado galego con pataca producida no país; recuperación das razas autóctonas; produción de semente de calidade no propio país; mellora de infraestruturas para diminuír os custes de produción; diversificación de cultivos; persecución das venda fraudulentas de patacas foráneas coma se fosen galegas; estabilizar a interlocución entre os axentes do sector; etcétera.



Anxo Pérez Rúa foi o encargado de defender o relatorio

Unha axenda cargada: Contratos, prezos, consello regulador, sementes, OCM...

A nova Dirección da Pataca do Sindicato Labrego traballará cuestións transcendentais para o sector

No acto de clausura, a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, prognosticou algo semellante ao vaticinado nos outros congresos sectoriais que se teñen celebrado ata o de agora:

á nova Dirección da Pataca quedánlle por diante catro anos de intenso traballo. Non é para menos. Cuestións importantes como a consolidación da Mesa da Pataca, a creación de con-

tratos homologados que garantan uns prezos dignos, as eleccións ao Consello Regulador de Pataca de Galiza, ou a creación dunha organización común de mercado, van dar moito de si.



A nova Dirección da Pataca do Sindicato Labrego Galego está integrada por Luísa Mayo Alonso, Xosé Luís Castro Casas, Camilo Maus Pérez, Rosa Barge Otero, Xosé Manuel Conde Gómez, e Manola Cerredelo Suárez

A media tarde, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, clausurou o congreso, e asegurou que a nova directiva da pataca ía ter catro anos de intenso traballo. Senra animou a todas as persoas que integran este novo órgano do Sindicato Labrego, pois lles queda "unha tarefa grande por diante". Neste senso, a secretaria xeral do Sindicato Labrego preveunas de que ían ter que enfrontarse a importantes cuestións, como a consolidación do diálogo entre os axentes que operan no sector a través da Mesa da Pataca. Senra dixo que había que orientar os esforzos sindicais de cara a que este foro de interlocución remate por converterse nunha interprofesional da pataca onde se poida negociar todo aquilo que teña que ver coa compravenda: contratos, prezos que cubran os custes e o traballo nas explotacións, etcétera.

"Outro dos temas a abordar pola nova Dirección da Pataca xurdiu no transcurso

do propio congreso", lembrou Senra, "e será o de iniciar un proceso de reflexión e debate de cara a tomar a decisión de se este sector se integra dentro do hortícola. Trátase dunha decisión que vai alén do propio sector da pataca, e que se deberá abordar tamén dende outros órganos do Sindicato Labrego".

Lidia Senra tamén falou de que, na axenda de traballo da directiva elixida, entraban tamén "todo o que ten que ver coa nova elección do novo Consello Regulador da Pataca, unha tarefa a desenvolver nos vindeiros meses; e a produción de pataca de semente en Galiza, que é unha reivindicación histórica do Sindicato Labrego". Respecto disto último, Senra afirmou que "debemos salvaguardar o dereito de labregos e labregas a producir e a reproducir esa pataca para semente e a superar todas as dificultades que se nos pretenden impoñer dende as lexislacións actuais en cuestión de sementes".

Xa fóra das nosas fronteiras, Lidia Senra tivo un recordo especial das manifestacións do sector da pataca que se fixeron na fronteira galaico-lusa, no ano 2000, xunto aos compañeiros e compañeiras da Confederação Nacional de Agricultura de Portugal (CNA), para reivindicar a

constitución dunha organización común de mercado na Unión Europea. "Nese marco vaise seguir traballando", informo Senra, "aínda que somos conscientes de que, desta vez, a cousa vai estar bastante complicado, pois a tendencia de Bruxelas é a de dismantelar as políticas comúns que xa

existen noutros sectores agropecuarios. Por iso, teremos que debater e actuar con forza para tirar para adiante e para acadar esa organización común da pataca na que se inclúan as nosas propostas, que xa se fixeran públicas, hai sete anos, naquela manifestación na fronteira portuguesa".



A mesa do congreso estivo formada, de esquerda a dereita, por Luísa Mayo, Anxo Pérez Rúa, Carme Freire, Manola Cerredelo (que sería elixida responsábel de sector) e Xoán Monasterio

Lupe Prado Losada, responsábel da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego

“No sector leiteiro, imos ter que loitar moito e cómpre non baixar a garda”

Lupe Prado leva o de ser gandeira nos apelidos, de aí que non o dubidase á hora de apostar por unha profesión que herdou dos seus devanceiros. Xunto ao seu compañeiro e a unha parella

de veciños, rexenta unha SAT en Santaballa (Vilalba) con 96 vacas en produción e outras tantas xovencas, e un cento de hectáreas de base territorial. Dende o pasado 17 de marzo,

Lupe é tamén a responsábel da Dirección do Leite do Sindicato Labrego, e está disposta a loitar para "que o sector leiteiro galego recupere a posición que lle corresponde".

■ Que lle pareceu o Congreso do Leite?

Sáin moi satisfeita. Parécenme importantísimos este tipo de actos. Neste congreso creo que se reflectiu perfectamente o que é o noso sector leiteiro. O que máis me gustou foi o debate que houbo e poder coñecer as inxerencias da xente. Creo que demostramos que, no sector leiteiro galego, non hai tanta pasividade como nos querían facer crer algúns medios de comunicación, senón todo o contrario: hai inxerencias e, cando se nos dá a oportunidade, poñemos os nosos problemas enriba da mesa para falar deles e mirar de arranxalos.

■ Un dos cualificativos que utilizou para definir ao Sindicato Labrego foi o de transparente. Por que?

Non o dixeran por formar parte do Sindicato Labrego Galego. Eu teño relación con xente afiliada a outras organizacións, e percibo a diferenza: no Sindicato Labrego existe un contacto moito máis directo entre a organización e os afiliados e afiliadas, contan todos os sectores, e a loita sindical baséase nos nosos intereses porque nos dan a oportu-



Para Lupe Prado, o leite segue a ser unhas das mellores alternativas laborais no medio rural

nidade de expoñer os nosos problemas e demandas.

Isto do que falo, percíboo sempre que me relaciono con xente afiliada a outras organizacións, onde non se fai nin a metade de cousas que facemos no SLG, e onde non teñen nin de lonxe o noso nivel de traballo.

Pero, sobre todo, a diferenza fundamental é que no Sindicato Labrego contan coas propostas e achegas

que facemos, día a día, a xente que traballamos no agro.

■ Nestes tempos que corren, semella que temos que volver falar de prezos. Cre que o sector pode aceptar unha nova baixada?

Na situación actual, eu penso que nunca se pode encaixar ningunha baixada de prezos. Soben os pensos, o gasóleo, a Seguridade Social, etcétera. Incrementase o pre-

zo de todos os gastos das explotacións, polo que non podemos, de ningún xeito, deixar que os prezos que nos pagan polo leite caian de novo; o normal sería que subisen.

As industrias teñen a teima de, chegando estas datas, falar de baixada, xusto nunha época do ano na os provedores xa aproveitaron para subir a maioría dos insumos que mercamos.

■ Coa fronte dos prezos aberta, e as ameazas de Bruxelas de liberalizar o sector, a nova Dirección do Leite do SLG vai ter catro anos movidos.

Si, imos ter bastante traballo. Teño que repetir as palabras que xa dixeran no Congreso, e é que imos ter que loitar moito e que cómpre que non baixemos a garda. No caso da liberalización anunciada pola Comisión Europea, temos o apoio do sector en toda a Unión, do Sindicato Labrego e de moitas organizacións agrarias de todo o continente, polo que penso que é unha batalla que debemos afrontar e na que temos que loitar duro, pois é a única maneira de que as reformas que se fagan vaian ao noso favor.

■ Pensa que se pode frear o peche de explotacións e o abandono da xente nova da actividade agraria?

Eu creo que si, e temos que empezar nós, quen traballamos no sector, a inverter a tendencia. Xa sei que as políticas que se poñen en práctica moitas veces non son as máis axeitadas como para que a xente pense en quedar na actividade agraria. Pero se os que traballamos no sector facemos ver aos demais que vivir da produción de leite é posíbel, que contamos con recursos, e que esta profesión non é a peor que hai, eu creo que podemos frear a tendencia.

As alternativas laborais ao traballo agrario tampouco son tan atractivas. Nesta comarca de Vilalba, por exemplo, non temos ningún tipo de industria de peso, e a media salarial doutros traballos é de vergonza. Aínda hai moitas familias que subsisten grazas a que non abandonaron de todo o agro que seguen a producir boa parte dos alimentos que consumen.

“Traballando con ganas e coas ideas claras, o sector pode avanzar”

■ Na súa intervención no Congreso destacou os avances que se teñen conseguido no sector nos últimos tempos. Vostede é optimista?

Eu son optimista porque penso que traballando con ganas, en base ás iniciativas e propostas que temos agora sobre a mesa, coas ideas claras e sen deixarse levar polos ventos que poidan vir dunha banda ou doutra, eu creo que o sector pode avanzar. Con respecto a estes anos pasados e ao traballo feito, tivemos logros como acadar que desaparecesen os especuladores de cota, culpábeis de que

moitas explotacións do noso país se tivesen que hipotecar e desbaldar cartos a mancheas; tamén, dende hai un ano, tivemos unha pequena suba no prezo e non houbo ningunha baixada.

■ O modelo único de recibo e primas que se acordou na última mesa do leite é outro avance positivo?

Estívose traballando bastante tempo para facer un recibo que reunise todos os puntos positivos posíbeis. Paréceme que, a partir de agora, o recibo do leite vai reflectir mellor o noso traballo, de maneira que é un xeito de premialo.

■ Daquela, está contenta coa Mesa do Leite?

As mesas son fundamentais. Estou moi satisfeita de que, co novo goberno, tivésemos oportunidade de volver estar aí. As mesas do leite son unha maneira moi positiva de poder plasmar o día a día do sector, o que está vivindo e padecendo, a pesares de que haxa xente que queiran boicotealas facendo ver que non valen para nada. Eu creo que son positivas para expresar a nosa posición diante da industria e poder dicirlle que non nos imos deixar vencer ás boas.

Manola Cerredelo Suárez, responsábel da Dirección da Pataca do Sindicato Labrego Galego

“Os contratos, amais de garantir a venda, deben marcar uns prezos dignos en orixe”

Manola traballa xunto ao seu home unha explotación de pataca e cereal en Cardeita, no concello limiao de Sandiás. Son medio cento de hectáreas das que saca o pan da súa familia e

das que aprendeu as luces e sombras que ten a profesión de pataqueira: crises periódicas, excesiva dependencia dos intermediarios, prezos baixos e custes que non paran de subir. Agora,

amais de labrega, Manola é a responsábel da Dirección da Pataca do SLG, órgano dende o que traballará nos vindeiros catro anos por ver cumpridas as principais demandas do sector.

■ Como foi o primeiro Congreso da Pataca do Sindicato Labrego?

Quedoume unha sensación moi boa. Esta é a primeira vez que celebramos un congreso para o sector, e foi bo que se fixese na comarca da Limia. Foi un bo punto de partida para poñernos a traballar e loitar nos vindeiros catro anos por todas as demandas que acordamos.

■ Nalgún intre houbo debates intensos, como cando se falou da diversificación de cultivos para evitar crises. ¿Por que hai oposición a probar con outros cultivos?

En efecto, esta cuestión suscitou un intenso debate. Hai xente que non quere oír falar de diversificación porque aquí, na Limia, temos probado con moitos cultivos: chícharos, soia, cebola, xudía, xirasol, etcétera, sen que ningún deles resultase satisfactorio. Non sei por que, pero a pataca é o mellor cultivo que se adapta a estas terras. Así e todo, creo que sería interesante que se desenvolvesen investigacións para achar outros cultivos idóneos para a Limia que nos permitisen, polo menos, rotar as terras.

■ Daquela, ¿pensa que o sector está preparado para afrontar crises como as doutros anos?

Creo que non o está. Cando hai crise, aféctanos a todas as explotacións e vala arrastrando durante dous ou tres anos.

Por exemplo, esta campaña non foi mala en prezos, aínda que se formalizaron moitos contratos homologados cun valor baixo; pero xuntando a pataca con e sen contrato, ao final as vendas compensaron. O problema veunos agora ao mercar a semente, que nola venderon a uns prezos demasiado elevados para nós.

■ ¿Houbo que investir moito en semente, entón?

Moito. No meu caso particular, tivemos que gastar uns 40.000 euros só en pataca de semente para este ano. Temos un problema na relación cos almacenistas, pois se queremos venderlles a colleita, temos a obriga de mercarlles esa semente. De pouco serve que che paguen ben a pataca, se despois tes que investir o dobre na semente; é unha maneira de pagarche máis pero, ao tempo, quitarche os cartos por outro lado. Por iso, unha das nosas demandas é que os contratos non garantan só a venda, senón que marquen, ademais, uns prezos dignos en orixe.

Por se non abundase, a pataca de semente que nos venden estanos traendo moitos problemas ao vir partidas infectadas con enfermidades. Por iso, outra das nosas demandas é a creación dun laboratorio na Limia para poder certificar legalmente esas patacas; porque, por exemplo, se che vén unha partida de semente infectada por *rhizoctonia* perdes a metade da colleita sen poder reclamarlle a ninguén.

“A Xunta debería obrigar a consumir produtos galegos en escolas e hospitais”

■ Entón, boa parte dos problemas do sector está nos intermediarios.

Pódese dicir que si. En orixe, un quilo de pataca podes vendelo por 20 pesetas. Pero, ¿a canto mercan despois ese quilo de patacas na tenda? Os prezos andan por 1 euro, céntimo arriba ou abaixo, así que mira o que lle sacan os intermediarios. E aínda hai anos nos que nolas teñen pagado a catro e a seis pesetas.

■ ¿E non se tentou ningún xeito de comercialización alternativo?

Polo de agora, non. Basicamente, porque boa parte da nosa produción

ten como destino a industria, e aí estamos falando de grandes continentes de pataca que non son doados de colocar no mercado.

■ No sector da pataca, cunha alta mecanización e grandes extensións de cultivo, tivo que notarse moito a suba dos carburantes. ¿Compensan, así e todo, os prezos?

Si, notámolo moitísimo. Aí, as administracións competentes deberían facer algo ao respecto e compensar esta suba no gasóleo agrícola con algún tipo de bonificación fiscal. Nós, por exemplo, nas vinte hectáreas de pata-

ca que botamos, gastamos uns 12.000 litros de carburante, gasto que se suma a outros, como o da pataca de semente. Con prezos de vinte pesetas por quilo, hai anos que non ganas para cubrir os gastos.

■ Que pensa que se debería facer para mellorar a situación?

Unha das medidas que serían moi positivas sería que, dende a Xunta de Galiza, obrigase a consumir produtos galegos en todos os servizos xestionados por ela, dende os comedores escolares aos hospitais. Sería unha boa axuda para o sector.



Manola Cerredelo é a responsábel da primeira Dirección da Pataca creada no SLG

Editorial

Malia os avances na Mesa do Leite, a loita para acadar uns prezos dignos continúa

Neste mes de marzo, na Mesa do Leite de Galiza, asináronse dous acordos importantes entre os sindicatos agrarios, a Consellaría do Medio Rural, a industria leiteira e as cooperativas.

Un deles foi o relativo á factura, e significa un avance importante de transparencia e de claridade nos pagos xa que, en caso de cumprirse correctamente, cada titular de explotación saberá a canto cobra cada litro de leite e porqué o cobra así, cousa que, ata o de agora, era imposible de saber na maioría das facturas. Esta nova factura entrará en vigor no pago do primeiro mes de campaña, é dicir, en abril.

Ademais, o acordo para unha factura única trae consigo unha redución das chamadas primas de cantidade ou de cota ata un máximo de 3 céntimos de euro, para o 31 de outubro deste ano. Isto significa, a xuízo do Sindicato Labrego Galego, un avance moi importante, xa que a dispersión existente na actualidade de ata 6 céntimos de diferenza para leites coa mesma calidade significaban, ademais dun disparate, unha fonte importante de peche de explotacións por dous motivos.

As grandes diferenzas de prezos por primas de cantidade ten abocado ao peche a moitas explotacións das que tiñan máis cota por facerlles crer que o prezo do leite era moi superior ao real que se estaba pagando (prezo medio), incentivándoas deste xeito a continuos investimentos e fomentando a idea de que, canta máis produción tivesen máis prezo acadarían, e así ata o infinito. Estes investimentos, en moitos casos, inviabilizaron ou puxeron en serias dificultades o futuro de explotacións altamente preparadas.

As primas de cantidade tamén foron moi negativas para as explotacións de menos cota, pois pagábanselles prezos inferiores aos que lles correspondería, (para compensar os outros), privándoas así dun nivel de renda mínimo que lles permitise seguir adiante.

As primas de cantidade deron como resultado uns prezos medios bastante baixos, e un sector totalmente fragmentado, con situacións moi diferentes, e dividido entre si, o que fai difícil buscar intereses comúns que nos permitan avanzar.

Ademais, na Mesa do Leite asinouse tamén a creación dun observatorio de prezos para o sector que sexa capaz de obxectivar valores de referencia para ter con que

“Estes acordos son, polo tanto, importantes, ao noso xuízo; pero só supoñen ferramentas para buscar un mercado máis xusto. Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego, animamos ao sector a seguir pelexando para conseguir outros avances e para poñer freo a outras agresións: acadar uns prezos que remuneren os custes e o traballo nas nosas explotacións debe ser un obxectivo irrenunciable para todas as produtoras e produtores”.

comparar a nosa realidade tan diversa.

O observatorio aportará datos a tres niveis: custos de produción medios, prezos medios de venda do leite nas explotacións, e un índice de referencia da evolución do mercado do consumo final de produtos lácteos no Estado español. Este observatorio estará en condicións de empezar a aportar datos neste mes de abril e, dende o Sindicato

Labrego, pensamos que pode resultar unha ferramenta moi útil para poder centrar o tema dos prezos.

Estes acordos son, polo tanto, importantes, ao noso xuízo; pero só supoñen ferramentas para buscar un mercado máis xusto. Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego animamos ao sector a seguir pelexando para conseguir outros avances e para poñer freo a outras agresións: acadar uns prezos que remuneren os custes e o traballo nas nosas explotacións debe ser un obxectivo irrenunciable para todas as produtoras e produtores.

Neste intre, volvemos a ter de fronte unha nova ameaza de baixada de prezos, sen que haxa ningunha razón de mercado que o aconselle; simplemente se queren baixar porque estamos en primavera. Xa sabemos que non van ser todas as industrias, nin a todos os produtores e produtoras, pero a baixa ten trazas de converterse en realidade, e no sector estamos abocados a impedir que esta baixada se materialice. Neste mes de abril, e por esta razón, é máis que probable que haxa que volver organizar mobilizacións no sector para defender, unha vez máis, o prezo do leite.

Xeroglífico

Foro estábel de diálogo no sector leiteiro galego



Mobilizacións contra as empresas que baixen o prezo do leite

En abril dará comezo unha serie de mobilizacións cunha campaña de denuncia contra Lactalis-Besnier

Nunha rolda de prensa celebrada o pasado 28 de marzo, as tres organizacións agrarias galegas anunciaron mobilizacións contra a multinacional leiteira Lactalis por baixar, de maneira unilateral, os prezos en orixe

Esta campaña agresiva de información dirixida á cidadanía sobre as prácticas desta empresa francesa será o comezo dunha serie de mobilizacións cuxo obxectivo será impedir que volva minguar o valor do leite.

Polo de agora, foi Lactalis a única industria que baixou o prezo do leite, rachando os acordos adoptados na mesa do sector. Outras, como Leite Río, Feiraco ou Nestlé, xa anunciaron que non tiñan intención facer rebaixa algunha. Por esta razón, e porque non existen razóns obxectivas de mercado que xustifiquen ningunha baixada, os tres sindicatos agrarios galegos comezarán, este mes de abril, unha campaña informativa para denunciar as prácticas desta empresa gala, que baixa os prezos en Galiza, pero non fai o mesmo en Francia, onde recolle sete millóns de toneladas.

O responsábel dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, xa denunciara na manifestación do Sindicato Labrego diante de Lactalis, o 17 de marzo, que esta industria "se esquecera de pagar dúas pesetas por litro de leite en febreiro". Para Santiso, isto é intolerable pois, a parte de non haber razóns obxectivas de



O Sindicato Labrego foi a primeira forza sindical en denunciar a baixada de Lactalis coa manifestación do 17 de marzo

mercado para a depreciación, o prezo dos pensos subiu 1'5 céntimos por quilo nos últimos dous meses, en parte debido a que moita da materia prima para a elaboración de concentrados se está comezando a destinar á produción de agrocarburos.

■ A Mesa do Leite acorda modelo de recibo e primas

A Mesa do Leite, celebrada o 15 de marzo, acordou adoptar un modelo homoxéneo de recibo e primas, apoiar a creación por parte da Consellaría do Medio Rural do Observatorio do Sector Lácteo de Ga-

liza e constituír un grupo de traballo para facer o seguimento da adhesión a estes acordos.

O obxectivo do modelo de recibo é o de acadar máis transparencia nas relacións entre produtores e produtoras e os primeiros compradores, establecendo como data límite para que as empresas se adapten a este novo modelo o 31 de marzo. No mesmo acordo tamén se recollen os compromisos sobre a estrutura das distintas primas ou descontos de calidade, a través dos que se pretenden unificar conceptos nunha magnitude unitaria que facilite a interpretación da factura e, ao mesmo tempo, reduza as diferenzas de prezos entre os pequenos e grandes produtores.

Pola súa banda, o Observatorio do Sector Lácteo de Galiza creado pola Consellaría do Medio Rural suporta unha importante ferramenta para obxectivar as flutuacións do mercado de produtos lácteos.

Tenreira Galega comeza unha nova campaña para promover a Suprema

A Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega vén de iniciar unha nova campaña promocional da súa categoría Suprema, para informar e fomentar o seu consumo.

Esta actividade promocional constará dun total de 180 vallas publicitarias repartidas por toda Galiza, así como de 585 carteis sinalizadores localizados nas principais cidades e vilas galegas. A campaña enmárcase dentro da actual liña de comunicación de Tenreira Galega, dirixida a consumidores e consumidoras que apostan por un consumo saudable; por unha dieta equilibrada, san e nutritiva; e polo pracer de inxerir alimentos de calidade.

Mediante o slogan "Sabes como sabe? Suprema de Ternera Gallega...Disfruta T Suprema", a Indicación Xeográfica Protexida pretende reforzar os obxectivos como potenciar o consumo desta categoría, continuar posicionándose no mercado para mellorar a súa comercialización, ou seguir motivando aos responsables de carnicería para que participen e transmitan as calidades e garantías de Tenreira Galega Suprema.

Na presente campaña invéstase unha partida orzamentaria semellante á do ano pasado, que ascendera a uns 150.000 euros. A campaña comezará coa primavera, unha época na que descende, lixeiramente, o consumo de carne de vacún. Segundo o responsábel da Dirección de Vacún de Carne do SLG e tamén vocal no consello de Tenreira Galega, Xosé Álvarez Lombardero, "a campaña tivo bastante éxito o ano pasado, e notouse en aspectos como unha menor baixada do consumo en épocas do ano como o verán. Tamén conseguimos que a xente preguntase que era iso da Suprema, de maneira que se comezou a concienciar a consumidores e consumidoras de que, dentro de Tenreira Galega, existe unha carne de calidade superior e de elite que é a Suprema, procedente das explotacións tradicionais".

O SLG impulsa un estudo pioneiro sobre o efecto dos agrotóxicos na saúde

O Sindicato Labrego Galego, en colaboración coa Consellaría de Traballo, vai realizar un estudo acerca do efecto da aplicación de pesticidas e o seu impacto na saúde dos traballadores e traballadoras de floricultura e horta ao longo do ano 2007.

Trátase dun estudo pioneiro a nivel do Estado español e ten como obxectivo determinar se os fitosanitarios están a afectar realmente, ou non, á saúde dos agricultores e das agricultoras da Galiza; e se os métodos de aplicación, de protección e hábitos na manipulación de agroquími-

cos, están a ser os máis axeitados, xa que existe un déficit de información obxectiva neste eido que impide realizar un diagnóstico acertado da situación.

No ano 2006, realizouse un estudo de semellantes características na bisbarra da Coruña, con bos resultados en canto a participación e satisfacción dos afiliados e afiliadas; neste particular, houbo casos individuais que deron resultados moi positivos na súa evolución entre as dúas análises realizadas, aínda que para sacar conclusións a nivel xeral é importante a continuidade ao longo dos anos e aumen-

tar o tamaño da mostra.

O estudo consiste na realización de dúas análises de sangue e ouriños por persoa, nas que se analizarán os niveis da Acetil-Colinesterasa, unha encima que intervéñe no proceso dos impulsos nerviosos, e cuxo nivel é inversamente proporcional á cantidade de residuos de pesticidas no organismo humano.

Ademais, realizarase un recoñecemento médico completo e un conxunto de recomendacións por parte do persoal médico do Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Consellaría de Traballo.

O traballo completárase con enquisas entre os labregos e as labregas que usan métodos, equipos de protección e hábitos na aplicación de tratamentos. Tamén se realizarán medicións ambientais, en parcelas onde se sulfatou, para determinar os niveis de pesticidas no ambiente e definir o tempo de espera necesario para volver a entrar nas parcelas sen correr riscos para a saúde.

É importante que participe o maior número de persoas neste estudo, xa que así o resultado será máis representativo. A xente interesada deberá apuntarse nos locais do SLG.

A herba contra o pelouro

Centos de explotacións gandeiras da Terra Chá opóñense ás concesións mineiras de cuarzo a Erimsa

A Terra Chá é unha das bisbarras rurais da Galiza con maior dinamismo e número de profesionais da gandería en activo. Pero iso semella non ter importancia para a empresa mineira Erimsa

nin para os gobernantes locais; senón, non se entende como poden pretender levar para adiante tres concesións mineiras de cuarzo que afectarían a 5.670 hectáreas nos concellos de

Abadín, Cospeito, A Pastoriza, Castro de Rei, Riotorto e Vilalba; hectáreas que haberá que roubarlle á base territorial de centos de explotacións, condenándoas ao peche.

Foi a Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) quen levantou a lebre ao descubrir, o pasado 28 de febreiro, unha resolución do Diario Oficial de Galiza que anunciaba as tres concesións mineiras de cuarzo na Terra Chá a favor da empresa Explotación de Rochas Industriais e Minerais SA (Erimsa). A pesares de que ese mesmo día se deu a voz de alarma, o chamado foi un fracaso por pensar moitos que se trataba dunha inocentada. Pero non tardarían en decatarse de que a cousa ía en serio.

Trátase doutra das heranzas envelenadas do goberno de Manuel Fraga, que deu para adiante ás concesións en base a informes que non valoran aspectos fundamentais como o impacto das concesións mineiras na actividade agrogandeira, ou sobre a importante rede de acuíferos da bisbarra, entre os que se inclúe o río Miño.

Polo de agora, Adega e a xente afectada xa utilizaron estas eivas de peso na concesión para presentar un recurso contra as concesións mineiras. Este foi presentado o 8 de febreiro, avalado por máis de 5.000 sinaturas e por unha concentración de medio milleiro de persoas diante da sede da Xunta en Lugo. A mobilización foi apoiada, ademais, por 22 colectivos, entre os que se atopaba o Sindicato Labrego Galego. Ese mesmo día, as responsábeis comarcais do SLG e varios gandeiros afectados tiveron, a maiores, unha entrevista co Delegado de Medio Rural, Emilio López, para pedirlle o seu apoio contra as concesións. Na reunión comunicóuselles que se estaba a elaborar un estudio técnico-xurídico para valorar o impacto socioeconómico real

que as concesións van ter.

O Sindicato Labrego criticou tamén, no seu intre, a hipocresía dos gobernantes municipais da comarca, que non dubidaron en dicir que apoiaban á veciñanza afectada, pero que

non se opuxeron nin informaron cando tiveron noticia das concesións mineiras, non presentaron ningún recurso nin contencioso contra elas, calaron canto o problema se debateu na Deputación. Mesmo houbo al-

caldes que acusaron ás organizacións que apoian aos veciños e veciñas de crear alarma social, ou casos máis graves no que se insultou a gandeiros e gandeiras dicíndolles que eran xente atrasada por oporse. Será que o

progreso consiste agora en pechar explotacións, destruír centos de postos de traballo directos e indirectos vinculados á gandería, e condenar a morte a unha das bisbarras rurais máis ricas de Galiza.

Centos de postos de traballo e investimentos millonarios en xogo



Xosé Luís Cendán e Celia Carracedo, Goá (Vilalba)

A parroquia de Goá, case ao nivel dos dous ríos que a cruzan, é unha zona moi proclive ás enchentas. Xosé Luís e Delia prognostican que "a acción das minas neste terreo abaixaría aínda máis, o que provocaría o seu asolagamento, amais de cambiar a estrutura do terreo. Noutras zonas, non pasa nada por baixar uns centímetros do terreo, pero aquí sería unha catástrofe".

Xosé Luís viu os mapas das concesións, e afirma que afectan "ao 80% das 950 hectáreas desta parroquia. Esta zona está moi habitada -ao redor duns trescentos veciños e veciñas- ten moitas explotacións bastante dimensionadas e moitas casas. As minas deixaríannos sen base territorial. Sería un desastre total".

Por se non abundase en males, a concesión a Erimsa é un ataque directo contra os investimentos públicos que se están a facer en Goá. En concreto "nesta parroquia xa comezamos coas obras concentración parcelaria -canles, pistas, etcétera-, e temos un orzamento inicial dun millón e medio de euros; pero as minas arramplarían con todo".



Antonio Anllo, Arneiro (Cospeito)

Antonio é o tesoureiro da Comunidade de Regadores de Río Miño Pequeno, en Arneiro (Cospeito). Fala como gandeiro e regador. "Se nos veñen levantar os prados, ¿con que sostemos despois o noso gando? A maiores, estamos levando para adiante un plan de reforma do regadío na zona no que se investiron máis de catro millóns de euros, e o proxecto das minas rebentaría as instalacións e perderíase todo".

Do mesmo xeito que noutras parroquias da bisbarra, en Arneiro o sector leiteiro é o motor económico dun medio rural vivo e dinámico. "Aquí, somos unhas 56 explotacións, e as concesións mineiras deixaríannos a todas sen base territorial. Eu non sei a riqueza que deixarán as minas, pero os postos de traballo que temos aquí coa gandería, ¿onde irán parar? Aquí non hai outro medio de vida que non sexa a gandería.

Ademais, nesta zona, o 90% das explotacións están inmersas en plans de mellora, o que lles obrigou a facer grandes investimentos; ¿onde irá parar eses cartos?"



Xulio García e Lidia Cabana, Santa Cristina (Cospeito)

"As minas poden afectarnos moito, pois collen toda a zona de abaixo da parroquia, que equivale á cuarta parte, e vana deixar oda asolagada a pouco que caven, xa que estamos nunha zona coa auga a perfil de terra".

Así de categóricos son Xulio e Lidia. O seu problema é o mesmo có das outras 25 explotacións da parroquia de Santa Cristina que, amais das minas, están afectadas tamén pola Rede Natura. Ambos explican que as concesións mineiras "collerían toda a zona da concentración parcelaria que se está a facer nestes intres. Por se non abundase, o que non collen as minas cólleo a Rede Natura, o que tamén afecta negativamente á actividade agraria, pois non nos deixan facer concentracións parcelarias, nin apañar leña; hai que pedir permiso a Medio Ambiente para facer calquera cousa".

Tanto para a Rede Natura como para a explotación de cuarzo de Erimsa "a información foi nula. Soubemos da Rede Natura no último intre, e das minas cando se presentou o recurso".

A pequena explotación agraria: ¿residuo do pasado ou alternativa de futuro?

Por **Xoán Carlos Carreira Pérez**,
catedrático na Escola Universitaria de
Enxeñería Agroforestal da USC



Hai uns anos, xa case que un cuarto de século, ano arriba ano abaixo, lin por casualidade un artigo de Miren Etxezarreta sobre as perspectivas da agricultura familiar na revista "Agricultura e Sociedade". Describía con bastante claridade, como fai sempre esta lúcida profesora que máis tarde convidaríamos á vir a Escola de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo, as teorías da Chayanov, Vergopoulos, Cavailhes, Servolin, etcétera. Intereseime moito pola polémica entre estes dous últimos e, como daquela non había Internet, busquei bastante tempo algunha publicación dalgún deles que atoparía posteriormente nun pequeno libríño de cor verde ao estilo dos manuais de Marta Harnecker ou parecido. Non me foi posible recorrer agora a estes artigos, que gustaría de reler, porque os doe con outras cousas ás Comisións Labregas hai máis de vinte anos e... a verdade, non tentei de comprobar se aínda os conservan. Teño que facer uso pois da memoria, que xa vai fallando, ou do que agora podo atopar por Internet.

O debate viraba arredor dunha cuestión que aínda non foi resolta, ao meu entender: o futuro da economía campesiña ou das pequenas explotacións agrarias atendidas con man de obra familiar. Cavailhes sostíña que as pequenas explotacións agrarias familiares estaban destinadas a desaparecer porque -desde unha posición que, se non lembro, mal reclamaba como leninista- mantiña a postura clásica de que son ineficaces e de que o capitalismo ía tamén penetrar no sector agrario e producir alimentos e fibras baixo os mesmos parámetros que calquera outra produción industrial. Servolin, pola contra, opinaba que a pequena agricultura familiar resistiría. Como xa non me lembro moi ben das razóns que apuntaba para iso, vou recorrer a un texto de Manuel Corbera que atopei en Internet:

"É quizais Servolin (1977) quen resume de xeito máis expresivo as características fundamentais desta corrente. A súa argumentación parte da crítica á posición do marxismo clásico segundo a cal a pequena explotación, non podendo aturar a competencia da grande, tendería a desaparecer, instalándose o modo de produción capitalista tamén na agricultura (entendido como explotacións con man de obra asalariada).

Tal posición parte -segundo Servolin- dunha base falsa, xa que pequena e grande explotación non entran en competencia, debido a que no proceso de especialización ambos tipos de explotación seguiron camiños diferentes, inclinándose as maiores (debido aos prezos protexionistas) cara ao cultivo de cereais, millo, remolacha e leguminosas; mentres que as pequenas quedaban coas producións de

maiores dificultades, tanto no que se refire ao control dos ritmos biolóxicos, como en canto á posibilidade de dividir as diversas operacións, razóns polas que esixe aínda unha man de obra que manexa o "oficio". (Servolin, 1977).

Estas explotacións de pequenas dimensións son traballadas polo propietario e a súa familia, sen man de obra asalariada e recorrendo a uns coñecementos de "oficio" que se transmiten de pais a fillos e lembran o traballo artesanal (Lebosé y Ouissé, 1974). Trataríase dun "xeito de produción" no que o produtor troca os produtos do seu traballo por outros de igual valor e os cartos só xogan un papel medio de circulación (Servolin, 1977). O feito de que non se busque o máximo beneficio, como calquera empresario doutro sector, é debido a que -como xa sinalaba Chayanov (1974)- o seu cálculo económico non persegue máis ca súa supervivencia.

Esta última característica ten unha grande importancia no proceso de "articulación" co xeito de produción capitalista. Por unha banda, preséntase como un obstáculo ao aumento necesario da produtividade, e por outra como unha vantaxe que permite prezos máis baixos para os produtos agrícolas. Pero como "a pequena produción mercantil" está dominada dende a súa orixe polo xeito de produción capitalista co que nace, o obstáculo fica crebado polos mecanismos de subordinación que o sistema utiliza e que se traducen, fundamentalmente, nun endebedamento endémico que obriga ao agricultor a racionalizar cada vez máis a súa produción para poder atender ás súas débedas. Isto supón aumentar a súa produtividade e, con ela, a súa dependencia exterior, polo que contrae novas débedas.

Trátase dunha subordinación que se establece ben dende o mercado, baixo os instrumentos da propia circulación capitalista, ben dende as industrias agroalimentarias, onde aos mecanismos de circulación, que actúan de igual maneira ca no caso anterior, súmase a posibilidade de impoñer condicións determinadas de produción ás explotacións (cultivos de certas terras, utilización de fertilizantes ou pensos, obriga de contar con certas instalacións, e mesmo ritmos de traballo determinados), cuxos propietarios aseméllanse cada vez máis aos traballadores a domicilio (Vaello, 1977). A agroindustria ve nestes sistema de integración vertical o que máis convén aos seus intereses.

Dunha banda, as pequenas explotacións compoñen un amplo mercado no que poder colocar os seus produtos, á vez que constitúen unha man de obra (en estado semiproletariado) moi barata, que mesmo acepta os riscos da operación, na produción dos inputs que demanda (Mendrars, 1976).

Pero, ademais, a pequena produción familiar é o réxime máis favorábel tamén para o conxunto do sistema. Grazas aos baixos prezos a que venden os seus produtos, abaratan a reprodución da forza de

traballo do resto dos sectores (Pérez-Touriño, 1983). Por outra banda, tampouco é de desprezar o beneficio que os bancos acadan a través do crédito agrícola (Vergopoulos, 1977) ou a estabilidade política que garante a pequena explotación individual ao permitir reducir a ritmos politicamente aceptábeis o proceso de proletarización (Gutelman, 1978).

A todo isto cómpre engadir as dificultades que o propio capital ten para penetrar na agricultura. A primeira delas, aceptada por todo o marxismo, é a mesma propiedade da terra, que obriga á esterilización dunha parte importante do capital na compra de solo (.../...). En segundo lugar, os prezos do mercado non garanten a ganancia media da produción capitalista (Servolin, 1977), o cal enfronta continuamente, no terreo económico, á burguesía agraria, sempre disposta a acadar esa ganancia media, e á burguesía industrial, que busca a reprodución máis barata da súa man de obra".

Pensaba que Servolin tiña unha grande parte de razón na súa análise de que os ritmos biolóxicos e necesidade de coñecer o oficio facían moi difícil encaixar a produción agraria nun sistema capitalista. Por outra banda, os textos clandestinos da UPG, elaborados, senón lembro mal, por Muñiz e Suevos, coincidían bastante na análise do tipo de explotación que o capitalismo exercía sobre os labregos (proletarios a domicilio) e as lucidas visións que tiñan sobre a integración dos propietarios de granxas de polos e porcos nas cadeas das empresas agroalimentarias (Coren, Saprogal, etcétera) que daquela comezaban. Máis ao final, a miña militancia case me obrigaba a tomar partido por Cavailhes. A nivel persoal, non acabei de tomar postura, mais a evolución do sector agrario galego dende aquela, coa reconversión brutal e calada e a desaparición masiva de explotacións, parecía sentenciar claramente o debate e dar a razón a quen defendía a desaparición da pequena explotación familiar.

Sen embargo, nos últimos tempos empecei a decatarme de que as explotacións familiares resistían máis do que eu pensaba. Un día, buscando algún dato estatístico oficial sobre a agricultura en Galicia (algo infrutuoso, realmente), atopei os seguintes datos: O número de persoas que están inscritas na Seguridade Social Agraria en Galiza son 57.000, a poboación activa agraria estimase en 117.000 persoas, e as unidades de traballo para obter a produción agraria estímase en 194.000. O censo agrario recolle que existen 466.000 persoas traballando a tempo total ou parcial na agricultura. Dende aquela, os datos seguro que variaron máis ¿Quen se ocupa da produción agraria? ¿Por qué son invisíbeis (se cadra, por ser mulleres) moitas destas

persoas para os estudos económicos e as políticas agrarias oficiais?

Tentei, xa que logo, volver buscar referencias sobre o vello debate e, con grande satisfacción, vin que dende o ámbito da agroecoloxía, dende Vía Campesina, e dende o propio Sindicato Labrego Galego, o debate estaba dalgún modo vivo e era máis amplo e rico do que eu coñecía. Ademais de Chayanov, volvíñ lembrar as posicións de Enric Wolf, que xa tiña leído, do narodnismo ruso, os de Teodor Shanin e os novos teóricos da agroecoloxía. Recorro agora a Sevilla Guzmán e González de Molina para sintetizar as posicións:

"(.../...)Esta polémica deu lugar a eternas e pouco clarificadoras discusións en torno a se o campesiñado constituía ou non unha clase, e se esta o era "en si ou para si"; ou se, pola contra, os campesiños constituían unha fracción de clase, retardaría análoga a un "saco de patacas". Se este grupo constituía unha categoría social integrante dunha parte da sociedade maior estruturada en clases que se resiste á modernización; ou se, pola contra, posúe unha racionalidade económica que rexeita as tecnoloxías non apropiadas; se como clase ou grupo pertencía a un réxime de produción xa concluído (como o feudalismo, por exemplo), ou se a súa pervivencia baixo o capitalismo lle valía a súa consideración tamén capitalista; se constituía un "modo de produción" ou só era unha "sociedade parcial" portadora dunha "cultura parcial". En definitiva, tratábase de atopar o termo máis correcto para denominalo: se este era o de campesiño, agricultor familiar, ou pequeno produtor de mercadorías, entre outras propostas conceptuais. E cales poderían ser as diferenzas substantivas entre estas denominacións.

Para nós, a cuestión campesiña presentada nestes termos é un falso debate; xa que, como veremos máis adiante, dende unha perspectiva agroecolóxica que é a que utilizamos aquí, o campesiñado é, máis ca unha categoría histórica ou un suxeito social; unha forma de manexar os recursos naturais vinculada aos agroecosistemas locais e específicos de cada zona utilizando un coñecemento sobre dito entorno condicionado polo nivel tecnolóxico de cada etapa histórica e o grao de apropiación de dita tecnoloxía, xerándose así distintos "graos e campesiñidade".

Todo este debate xurdía da constatación, cada día máis evidente, de que o campesiñado non desaparecera, a pesares das teorías proféticas dos clásicos do pensamento social agrario e mesmo dos sectores académicos máis liberais. (.../...). Foi precisamente Shanin, referíndose ao campesiñado nun texto bastante coñecido (1979), quen chamou a atención sobre o absurdo de definir con precisión ou exactitude a un grupo social que existira dende sempre. Esta advertencia, plenamente xustificada, non deu lugar, nembargante, a

unha clarificación conceptual sobre a que haxa un acordo máis ou menos xeral, de tal maneira que aínda segue a existir unha confusión considerábel sobre as categorías que deben utilizarse.

(.../...) O motivo desta confusión reside "na incomprensión das distintas etapas e tipos de capitalismo que existiron e na inexistencia dun acordo tamén, máis ou menos xeral, sobre como foron desenvolvéndose no proceso histórico. Deste xeito, non existe unha teoría que dea conta dos cambios operados nos aspectos definitorios máis acusados do campesiñado e as súas causas".

(.../...) É posíbel, nembargante (.../...) diferenciar tres grandes modos de uso dos recursos naturais: o primario, ou propio de cazadores recolectores; o campesiño ou secundario, e o industrial ou terciario.

Aínda que existe unha secuencia histórica, a fase de prevalencia de cada un deles, supón unha coexistencia. O modo do uso campesiño "coexistiu con moi diversos sistemas sociais, os cales posuían distintos graos de complexidade; nembargante, tiñan como base da súa economía as actividades agrarias, dende a aparición da agricultura ata o feudalismo, os sistemas tributarios asiáticos ou o propio capitalismo incipiente". Constrúese, deste xeito, un tipo ideal de manexo dos recursos naturais que responde aos contextos históricos anteriormente sinalados, da mesma maneira que na actualidade tal "práctica socioproductiva" ten a súa existencia, como forma de produción, en determinados intersticios do sistema capitalista

Desta maneira, é posíbel discriminar unhas formas de produción doutras dentro dun mesmo sistema de produción e, ao mesmo tempo, identificar ao campesiñado como unha categoría unida a un específico modo de uso dos recursos naturais (Guha e Gadgil, 1993; V. Toledo, 1995). Así, na nosa opinión, enténdense e contextualizan mellor os seus aspectos comúns a través do espazo e do tempo. Ademais, dende esta definición aparece unha teoría explicativa da súa evolución ou da súa transformación noutras categorías sociais novas e distintas.

(.../...) Concluindo, o concepto de campesiñado evolucionou dende a súa consideración coma un segmento social integrado por unidades domésticas de produción e consumo que, a pesares da súa mudanza histórica, mantiña "algo xenérico" (Archetti, 1978; Shanin, 1971 e 1990), ata a súa conceptualización agroecolóxica actual. Isto é, o campesiñado aparece como unha forma de relacionarse coa natureza, ao considerarse como parte dela nun proceso de coevolución (Nogaard, 1994) que configurou "un modo de uso dos recursos naturais" ou unha forma de manexo dos mesmos de natureza medioambiental (Toledo, 1995). É por todo isto que a agroecoloxía identifica como "o xenérico" do campesiñado na historia a súa maneira de traballar (Iturra, 1993) e o coñecemento que a sustenta respecto ao manexo dos recursos naturais.

Neste senso, o campesiñado é unha categoría histórica pola súa condición de saber manter as bases de reprodución biótica dos recursos naturais. Dende esta perspectiva, é posíbel falar de campesiñidade ou grao de campesiñización respecto dos grupos sociais de produtores. Víctor Manuel Toledo operativizou este concepto mediante os seguintes indicadores: a) enerxía utilizada; b) escala ou tamaño do ámbito espacial e productivo do seu manexo; c) autosuficiencia; d) natureza da forza de

traballo; e) diversidade; f) produtividade ecolóxico-enerxética e do traballo; g) produción de refugallo ou capacidade de reacomodo e reciclaxe dos residuos; h) natureza do coñecemento e, por último, i) cosmovisión (Toledo, 1995). Este sistema de indicadores debe ser aplicado dende os seus extremos: o modo de uso campesiño e o modo de uso industrial ou terciario do manexo dos recursos naturais.

Este último, o modo de uso industrial, pode ser caracterizado como aquel que "utiliza como base enerxética os combustíbeis fósiles ou a enerxía atómica, o que lle proporciona unha alta capacidade entrópica e antrópica dos ecosistemas, unha enorme capacidade expansiva, subordinante e transformadora (a través de máquinas movidas por combustíbeis fósiles). Isto explica que se producise coa súa introdución un cambio cualitativo no grao de artificialización da arquitectura dos ecosistemas.

A investigación, aplicada aos solos e á xenética deu lugar a novas formas de manipulación dos compoñentes naturais ao introducir fertilizantes químicos e novas variedades de plantas e animais" (González de Molina e Sevilla Guzmán, 2000: 245), culminando, na actualidade, coa introdución de organismos xeneticamente modificados.

Pero interésanos, sobre todo, a análise dende Galiza. Nos últimos tempos, a análise da agricultura galega faise dende unha perspectiva industrial: A análise da PFA e o papel da gandería case como único motor do sector agrario. Sen embargo, se analizamos as persoas dedicadas á produción agraria vemos nos gráficos nº 1 e 2.



En todo caso hai que ter en conta dúas cousas:

A eficacia económica das pequenas explotacións agrarias

¿Unha pequena explotación é menos eficaz ca unha grande? Calquera respondería que si, mais a min gustaríame dispoñer de estudos claros ao respecto. Botando mao dos estudos de Xabier Simón, permítome reproducir unha parte do seu artigo "Estratexias de redución de custes na agricultura galega: o caso da horticoltura do Baixo Miño", onde conclúe que existen explotacións que, aínda que o valor da súa produción final é menor, son máis eficaces economicamente, por canto os seus custes son tamén moi inferiores.

En todo caso, hai que ter en conta tres cousas:

"A estratexia de redución de custes monetarios que potencia a maximización do uso de recursos internos é capaz de xerar unha maior renda e emprego no ámbito da cooperativa. (.../...) A conclusión do apartado anterior deixa entrever o impacto positivo que suporía a replicación desta estratexia a niveis superiores: o da horticoltura ou o da agricultura galega en xeral. A estratexia permite, como dixemos, xerar maior renda e emprego e isto, á súa vez, permitiría fixar poboación rural. Ademais, tería efectos positivos en termos ambientais, porque ao reducir o uso de insumos externos, redúcense os efectos nocivos que, sobre o solo e outros recursos naturais, ten o uso de produtos químicos externos á UP. Para non ver reducida a produtividade, ao reducir o uso destes produtos, potenciaríase a utilización de técnicas de cultivo máis beneficiosas para o medio ambiente, primando a interacción



entre cultivos, plantas e animais.

A estratexia de redución de custes mediante a MURI encaixa ademais dentro dos novos parámetros (económicos, sociais e medioambientais) que, dende o noso punto de vista, se deben ter en conta no actual contexto de reforma e redefinición do papel do agricultor e do ámbito rural, e que permiten falar dun concepto diferente de desenvolvemento rural".

Pero aínda mais. O habitual é analizar a contribución que cada subsector agrario fai á Producción Final Agraria (PFA) de tal xeito que, ao desglosar esta, vemos que os sectores máis competitivos, gandería fundamentalmente de leite, son os que máis aportan á PFA. Mais no se acostuma a analizar a contribución de cada subsector á renda agraria. Eu tentei facer este exercicio e os resultados son moi diferentes. Se ben a achega, por exemplo, do subsector agrícola é moito menor, a súa contribución á renda agraria pode chegar a igualarse. O Gráfico nº 3 é unha estimación de elaboración propia a partir da análise dos datos do anuario de estatística agraria do ano 2003

A táboa nº 1 compara as distintas provincias e de novo encontramos que quen máis aporta á PFA non é quen máis contribúe á renda agraria.

Observamos como aquelas provincias onde o peso da produción gandeira, o sector máis modernizado e chamémoslle capitalista ou capitalizado, é o que máis subvencionado está e, paradoxalmente, o que menos aporta á renda agraria, mesmo á renda agraria per cápita.

A razón desta situación é evidente. Cando a empresa se capitaliza co obxectivo de obter unha grande cantidade de produto, as marxes por unidade redúcense e os beneficios só se poden acadar aumentando a produción. Mais a estratexia de redución de custes fai que as marxes por unidade sexan maiores e, polo tanto, cunha produción menor pódese acadar a mesma rendibilidade.


Os mesmos datos aportados por Xabier Simón en explotacións hortícolas no Rosal se deducen dos traballos de Lino Sánchez e nos de Barbeito para explotacións gandeiras.

En todo caso, a razón de que unha pequena explotación poda chegar a ser tan eficiente como unha grande non está só en que aquela ten menos custes, senón en que a economía de escala non funciona en toda a súa dimensión na produción agropecuaria.

Lembremos agora de novo un cadro extraído do artigo de Xabier Simón e D. Domínguez, xa citado anteriormente.

Se deixamos aparte as producións absolutamente artificiais ou artificializadas, os medios de produción da actividade agraria non son tan sensíbeis á economía de escala como outras actividades. A fertilización da terra conséguese igual con abono orgánico que con fertilizantes químicos, como sostén e demostrou o profesor Ramón Fuentes. Mais, en todo caso, as doses médense en kg/ha con independencia do número de hectáreas. O sol e a auga da natureza son para todos iguais e, de medirse, tamén se miden en achegas por hectárea ou por metro cadrado.

Os beneficios da economía de escala poden estar unicamente no prezo dos insumos e na mecanización. No



1-Produción da rama agraria	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Producción agrícola	27%	26%	47%	56%
Producción gandeira	73%	74%	53%	44%
Consumos intermedios	36%	36%	11%	17%
Consumo de Capital fixo	32%	37%	16%	15%
Outros impostos sobre a produción	37%	44%	10%	9%
Outras Subvencións á produción	30%	38%	12%	19%
8 - Renda Agraria	28%	26%	17%	30%
Renda Agraria/Pob.. Activ Agra.	6589	6515	12003	8863
	85%	84%	155%	115%

RECURSOS	INTERNOS	EXTERNOS
Luz	Solar	Artificial
Auga	Da chuva e de sistemas de irrigación localmente organizados e controlados	Trasvases procedentes de diques ou de fontes profundas e alexadas
Nitróxeno	Fixado de materia orgánica do solo	Procedente de fertilizantes químicos
Outros Nutrintes	Procedentes das reservas do solo recicladas nos propios sistemas de produción	Abonos minerais importados
Malas herbas e control de pestes	Control biolóxico, cultural e mecánico	Uso de pesticidas, insecticidas e herbicidas químicos
Maquinaria	Construída na explotación ou na comunidade	Comprada e reemprazada frecuentemente
Traballo	Familiar e/ou comunitario	Por conta allea
Capital	Propio e reinvertido localmente	Alleo. Endeudamento externo
Mercado	Mercados locais, feiras francas e vendas a domicilio	Mercados verticalizados, agroexportación

primeiro caso, as pequenas explotacións teñen minimizado o impacto a traveso das cooperativas e a mecanización é digna de ser estudada.

Imos reflexionar sobre dous exemplos. O primeiro é o rendemento das salas de muxir. Aos meus alumnos e alumnas explicolles as veces que un maior número de puntos e mesmo a instalación de retiradores automáticos nas salas de muxir non supoñen necesariamente aumento do rendemento da sala. Algún enfadase comigo cando digo isto; sen embargo é certo.

Unha persoa tarda un certo tempo en facer as operacións da chamada rutina do muxido, é dicir, lavar a ubre, masaxear, secar, colocar as pezoneiras, etcétera. Supoñamos que tarda 1 minuto. Por moito puntos de muxir que teña a sala nunca, poderá muxir máis de 60 cabezas á hora.

Supoñamos agora que a extracción de leite das vacas tarda 8 minutos. Para muxir 60 vacas nunha hora necesitaríamos 8 puntos, é dicir, unha sala de 2x4 puntos. Pois ben, por moito que poñamos unha sala de 2x5 ou 2x6, non imos aumentar o rendemento a menos que se incorpore outra persoa a muxir cunha produtividade moi escasa. Sen

embargo, iso é o que se fai. O sobredimensionado das salas de muxir é práctica habitual pero, sobre todo, interésame aquí o feito de que a rutina de muxir é o determinante na eficacia e o rendemento da sala, e iso depende, efectivamente, da tecnificación pero, sobre todo, da habilidade da persoa e, en calquera caso, esixe un mínimo para que a ubre quede ben limpa, etcétera.

Outro exemplo a reflexionar é a mecanización. Lembro que, cando era novo e chegaban os primeiros tractores, as pequenas explotacións familiares alugaban para arar, segar, etcétera. Mesmo as máquinas se compraban en común. Pasou o tempo, e cadaquén se fixo co seu tractor, co seu autocargador, etcétera. E agora, os tempos desenvolvéndose en espiral, vólvennos a prácticas semellantes ás dos primeiros tempos da mecanización. ¿Cantos carros mesturadores de apenas cinco anos están arrombados porque é preferible que o alimento o distribúa a cooperativa? ¿Cantas máquinas para ensilar están aparcadas sen chegar á metade da súa vida útil porque o traballo de ensilado xa se contrata fóra?

A práctica de "externalizar" certos traballos vólvese amosar como estra-

texia útil para as pequenas explotacións e minimiza bastante o hándicap de pequena dimensión para a mecanización. É un certo xeito de superalo.

Estas non son máis que reflexións. e diríamos intuicións, que me gustaría que alguén tratase de confirmar con algún estudio deses que chamamos científicos. Mais, en todo caso, eu fíome da intuición, que é unha forma de coñecemento tan válida coma outra e que só a desprezamos porque somos incapaces de comprendela.

A revalorización do autoconsumo, a venda directa e o papel da agricultura a tempo parcial

Outra intuición é que temos que reconsiderar o papel e a valoración social dalgúñas prácticas como o autoconsumo e a venda directa, e a agricultura a tempo parcial (ATP).

Hai tempo que considerabamos o autoconsumo como síntoma de atraso e unha opción non desexábel dende o punto de vista económico. A mesma valoración negativa fixemos durante anos da agricultura a tempo parcial. De nada valeu que os economistas galegos definiran a quen a practicaba como proletariado "simbiótico", onde o propio concepto de simbiose ten unha connotación positiva. Sempre foi considerada como unha agricultura de segundo orde que en nada axudaba á modernización porque non permitía unha profesionalización axeitada, paso indispensable para a modernización e intensificación da produción agraria. Mais, ¿segue a ser válida esta análise nun contexto onde moitos labregos e labregas de tempo parcial son, precisamente, @s depositari@s daquello que hoxe debemos valorizar? ¿Segue e ser válida hoxe esta valoración da agricultura a tempo parcial cando os seus "defectos" implícitos poden ser vantaxes?

A ATP aparece entre nós como o traballo invisible que semella que non existe. Pero algúns datos poden dar conta da súa importancia. No ano 1999, a poboación activa agraria cifrábase en 172.000 persoas. Nese mesmo ano, considerábase que as Unidades de Traballo Agrario (UTA; o número de persoas a tempo completo, para entendernos) que necesitaba a produción agraria galega, era de 193.000. ¿Quen aportaba este traballo? A táboa nº 3 pode servir para interpretar a situación na actualidade.

Existe unha elevado número de persoas que traballan no agro, como dixemos de xeito "invisible", e que aportan uns ingresos importantes. Poderíamos pensar que moito dese traballo tradúcese no autoconsumo. Pois ben, tratemos de analizar o impacto económico do autoconsumo.

Tentei facelo para esta conferencia, pero non atopei estudos e datos nos que apoiarme. Mais, tratando de interpretar os datos do propio anuario estatístico, observamos os seguintes datos de autoconsumo.

Tendo en conta estas cifras e estimando o que aquí non aparece: ovos, porcos, polos, becerros, etcétera, estimamos que o valor do autoconsumo en Galiza pode oscilar entre 300 ou 600 millóns de euros, segundo o valor por prezos ao produtor ou prezos ao consumidor.

Tentei facer outra análise, e tendo en conta que no anuario do Ministerio para o 2006 estímase a superficie de hortos familiares en 14.987 hectáreas, que na inmensa maioría vai para autoconsumo -aplicándolle un rendemento económico similar ao que se estima, nesa mesma publicación, para as distintas producións e engadíndolle o autoconsumo doutros produtos-, obteríamos unha valoración do autoconsumo que oscilaría entre 120 e 350 millóns de euros, segundo consideremos prezos en orixe ou prezos de compra. Tendo en conta que os consumos intermedios, neste caso probablemente, poderían oscilar entre o 10 e o 15%, de acordo cos datos que aporta Xabier Simón para O Rosal, poderíamos estimar unha achega do autoconsumo á renda agraria que, en todo caso, superaría o 10% e que, se temos en conta a valoración con prezos de compra, suporía un incremento da renda agraria dun 20% aproximadamente.

Non se trata tanto de dar unha cifra como de ver que estamos falando dun valor nada desprezable.

Ese traballo invisible aporta, pois, unha renda tamén invisible de enorme magnitude e que deberíamos empezar a considerar en todos os estudos. A achega do traballo a tempo parcial e do autoconsumo pode ser decisiva para unha calidade de vida axeitada da unidade familiar e para a viabilidade económica das pequenas explotacións. Hoxe en día, a veces é difícil de entender como con salarios tan baixos se pode manter un nivel de vida que, sen ser alto, tampouco é miserento. Hai moitas razóns pero, sen dubida, unha delas é que á unidade familiar chegan agora varios salarios que, con ser cativos de xeito individual, xuntos permiten acadar certo desafogo económico, xa que o traballo doméstico séguese realizando, igual e fundamentalmente, coa dobre xornada das mulleres. Pero é ese traballo invisible das mulleres o que sustenta en grande parte a economía da unidade familiar. Salvando as distancias e os matices que son múltiples, é o traballo invisible da ATP (tamén fundamentalmente en mans de mulleres) e os ingresos oficialmente inexistentes do autoconsumo os que manteñen un certo nivel de vida no rural.

Mais, chegados a este punto, posiblemente alguén pense que a idea que quero transmitir é que a pequena explotación é rendíbel economicamente. Si é así, é que me expliquei mal. A idea que quero transmitir non é que a pequena explotación é rendíbel, hoxe en día, senón que pode chegar a ser rendíbel no futuro e que, seguindo eses análises DAFO cos que raramente concordo, ten debilidades e ameazas, mais tamén fortalezas e oportunidades, polo que non pode ser condenada coma un residuo do pasado, senón analizada con ollos novos para formular as propostas que aseguren a súa viabilidade no futuro.

Desde o meu punto de vista, estas propostas deben ir na liña das que ten feito o Sindicato Labrego Galego e coas que concordo, máis aló de matices que sería ben debater. A primeira a petición de dispoñer dunha axuda, mellor habería que chamala dunha renda básica de 3.000 euros por explotación. Para min é o elemento clave da proposta

cara o futuro. Hai que lembrar que isto non suporía máis gastos que o de persoal das tres universidades galegas, ou a cuarta parte do custe de persoal da Consellaría de Educación. E, postos a valorar a función social das pequenas explotacións, non creo que sexa moito pedir.

A xustificación desta renda básica é clara. A función social da agricultura é indubidable. A agricultura tradicional (aquela pola que entendo debemos apostar no futuro) xera riqueza paisaxística, descontaminación de solos e augas, etcétera, como parte do propio proceso produtivo e está, en certa maneira, indisolublemente unida a el. Sen embargo, non é remunerada. Salvando as distancias que toda comparación ten, poderíamos dicir que é como se @s produtores e produtoras de leite tiveran que regalar os becerros que xorden como parte indispensable do seu proceso produtivo porque aparecen inevitablemente "sen querer". Sen embargo, eu non teño dúbidas en que @s labregos e labregas deben ser remunerad@s pola sociedade, xa que resultados consubstanciais do propio proceso produtivo convértense hoxe en bens sociais de enorme valor. Hai varias formas de remunerar esta función social da agricultura tradicional: dende unha renda básica parcial para aquelas persoas que practiquen determinado tipo de agricultura, até a valoración do que supón o respecto do medio e da paisaxe e a conservación de recursos naturais.

Eu optaría por unha mestura dos dous conceptos. Por unha banda, debe haber unha renda básica porque das prestacións que a agricultura tradicional fai á sociedade como parte consubstancial do seu proceso produtivo, unha parte pode ser valorada polo mercado e outra non pode selo, nin sequera pola administración.

No cadro nº 6, pódese sintetizar esta situación. A conservación de solos, da biodiversidade, das tradicións e do xeito de vida rural, por exemplo, parecen imposíbeis de valorar; mais a conservación paisaxística de valados e sebes, sen embargo, admite valoración.

No Plano Zonal Agro-Ambiental do Parque Nacional da Peneda Gerês atopamos exemplos como a xustificación da axuda pola conservación de especies autóctonas de feixón e os socos.

Nese mesmo contexto, non podo rematar sen reivindicar o minifundio. Non hai moito, camiñaba por Piornedo, aló nos Ancares, e observaba as vacas pacendo nos prados en grupos de seis ou dez. Volveuseme vir á cabeza o que pensaba cando visitaba O Courel. Ao volver a casa comprobei no SIXPAC cal era a superficie sobre a que estaba pacendo un rabaño que, en conxunto, podería acadar as cincuenta ou sesenta cabezas: eran 37 hectáreas, aproximadamente. ¿Qué problema é o minifundio se o que estou observando é un exemplo de pastoreo rotacional como o que estudaba na carreira?

Somos un país que, en lugar de adaptar os medios e as máquinas ao territorio, adaptamos o territorio ás máquinas que outros fabricaron. O lóxico sería que o quad se inventara en Galicia, mais non. Aquí inventamos como tirar os valados e as sebes para que entre unha máquina. Certo que hai exemplos do contrario. Basta ver en Tarrañón os carros que se utilizaban para subir a herba nos prados de grandes pendentes, ou o tren que se utiliza nos socos da ribeira sacra para transportar as uvas, ou mesmo a adaptación de pequenos tractores xaponeses a Galiza. Pero, desgraciadamente, ninguén lles dá aprecio fronte a un bo Massey Ferguson que derriba valados.

E permitídemme reproducir un texto feito por min hai algúns meses: *A primeira reflexión que me fago e vos fago é de se o minifundio segue a ser, no século XXI, un problema para o desenvolvemento agrario de Galiza. A máis moderna das agriculturas oficiais é hoxe a chamada "agricultura de precisión" e/ou a "rega por goteo", que discrimina os labores, a rega, e tratamentos a dar, etcétera, en función non xa da parcela, senón de cada parte da parcela. Os tractores guiados por GPS e demais avances, poden cambiar mesmo as doses de tratamentos, abonado, densidade de semente, etcétera, segundo por*

onde estean a traballar. Claro que estamos falando de parcelas de centos de hectáreas nunha agricultura altamente tecnificada. Mais, pensando un pouco, ¿non responde o minifundio a unha adaptación ao medio, ademais dunha necesidade social que levaba á división da propiedade? ¿Non é o minifundio en Galiza, en certa maneira, unha agricultura de precisión feita, iso si, a base dun enorme esforzo e traballo humano? Xa que logo, ¿non pagará a pena coñecer por que se dividiu o territorio do xeito que se fixo ao longo de tantos anos? ¿Non será reconvertíbel nunha "agricultura de precisión" á galega e, polo tanto, un punto de partida para coller o sendeiro da modernidade dando un salto no tempo?

Efectivamente, o minifundio caracterízase pola pequena dimensión da propiedade e pola división do territorio en múltiples e pequenas parcelas. Se a primeira característica pode obedecer a un proceso continuo de división da propiedade; a segunda responde, sobre todo, a unha adaptación ás posibilidades produtivas do mesmo. É nese aspecto dende onde podemos falar dunha agricultura de precisión pensando no século XXI.

Pero é moito máis un xeito de defensa do territorio. O papel das sebes na conservación da biodiversidade e dos paxaros que axudan a controlar as pragas xa foron postos de manifesto. Mais, permitídemme, ao fío do acontecido este verán e outono, reproducir outro texto meu que permanece inédito: *Tanto os incendios forestais como os efectos das inundacións son froito dun desenvolvemento non sustentábel, é dicir, exposto, entre outras cousas, a que a natureza responda de xeito destrutor ao desequilibrio que producimos nela. E, cando acontece, hai dúas maneiras de reaccionar.*

A primeira é pensar que non hai nada que o home poida facer nin antes nin despois do desastre e, consecuentemente, cando se produce, urxir solucións inmediatas (.../...) Así, por exemplo, algunhas críticas parecen non ter en conta que frear a erosión dun bosque queimado coas técnicas que se están a aplicar (recomendadas pol@s científic@s) en base, sobre todo, a rexenerar a cuberta vexetal, vai dar resultado co tempo, pero non dun día para outro. (.../...) Se cadra, se non estiveran tan deterioradas aquelas sebes, cómaros ou valos que había nas extremas das fincas e que tanto denigramos todos por atrasadas e minifundistas (desde os técnicos aos xornalistas) ao mellor agora non estabamos facendo outras barreiras "modernas" a toda présa.

En todo caso, non todo é positivo nas pequenas explotacións, e sobre elas sobrevoan ameazas evidentes, pero esas xa as sabedes mellor ca min. En todo caso, no meu entender, dous son os puntos débiles: a comercialización e a sanidade, mais iso tería que ser obxecto doutra charla ou doutro debate. Nesta tratábase de transmitir a idea forza á xa fixen referencia: a pequena explotación pode chegar a ser rendíbel no futuro porque ten vantaxes comparativas. Non pode ser condenada coma un residuo do pasado, senón poñer os medios para que sexa unha proposta de futuro no século XXI.

Valoración do autoconsumo (milleiros de euros)		
	a precios en orixe	a precios ao consumidor/a
Autoconsumo hortos familiares	95632	270885
Autoconsumo produtos gandeiros	14533	55257
Autoconsumo outros produtos	10873	16253
TOTAL	121039	342395
% aproximado da Renda Agraria	11%	
Incremento aproximado da Renda Agraria		31%

	Ano	Número	Diferencia	%
Poboación activa agraria	1999	172500		
	2005	110900	-61600	-36%
Unidades de Traballo Agrario	1999	193573		
	2005	112402	-81171	-42%
Persoas que traballan só na explotación	1999	356205		
	2005	111493	-244712	-69%
Persoas que teñen outra actividade lucrativa	1999	109884		
	2005	62061	-47823	-44%
Persoas traballando a Tempo Completo na explotación	1999			
	2005	63757		
Persoas traballando a Tempo Parcial na explotación	1999			
	2005	116000		
Persoas que traballan na agricultura - Poboación activa Agraria	1999	172.500		100%
	2005	68.857		62%

Vaga de folgas de fame en Francia para esixir unha moratoria nos OXMs

A partir de abril, o Goberno francés pretende autorizar o cultivo ao aire libre do millo manipulado MON 810

O 14 de marzo, un grupo de persoas comezaban no Museo de Historia Natural de París unha folga de fame para esixir do Goberno francés unha moratoria sobre os organismos xeneticamente manipulados (OXMs). Días

despois, o seu exemplo era seguido con xexúns de protesta por todo o país. E é que en Francia, o 86% da poboación, e o 62% dos labregos e das labregas, opóñense aos transxénicos na mesa e nas leiras.

A elección do Museo de Historia Natural fíxose para denunciar a ameaza dos transxénicos sobre "os 4.000 millóns de anos de evolución que cumpriron para chegar á actual diversidade de medios naturais e especies no planeta terra". Segundo @s folguistas, os transxénicos van ser impostos por unha minoría de agricultores e de empresas de sementes manipuladas, apoiadas polo Goberno, e poden supor unha invasión que provocará danos irreversibles para o medio ambiente, e para as diversas formas de agricultura.

O exemplo d@s folguistas do Museo de Historia Natural foi seguido, ao longo do mes de marzo, por outras moitas persoas en todo o país que iniciaron xexúns de protesta. Esta acción estase a facer un mes antes da sementeira do millo que, a partir deste ano, poderá utilizar en Francia o transxénico MON 810 en cultivos ao aire libre.

A Confédération Paysanne, organización agraria pertencente á Vía Campesina e unha das artí-



@s folguistas no Museo de Historia Natural de París, antes de comezar o seu xexún de protesta, cun cartaz nas costas que dicía: "OXM non! Nin no campo, nin nas nosas mesas"

fices desta revolta, fixo públicos os seus argumentos para oporse radicalmente á autorización deste transxénico no agro francés.

Segundo a Conf, os transxénicos ameazan a soberanía alimentaria dos pobos por seren patentes sobre as formas de vida, provocarán a contaminación das outras formas de agricultura por ser a coexistencia imposible, e autorízanse contra a

opinión do 86% do pobo francés e o 62% de labregos e labregas que non queren os OXMs nin nas súas mesas nin nas súas leiras.

Ademais, o millo MON 810 é da caste dos Bt, como o MON 863. Nun estudo recente, o consumo de MON 863 provocou danos no fígado e nos riles dos animais sometidos ao experimento; ademais, e en contra das directivas comunitarias, nun-

ca se avaliou o impacto a longo prazo deste transxénico sobre o medio ambiente e a saúde.

A folga de fame foi apoiada en todo momento por diversos actos públicos. Entre estes destacou unha manifestación celebrada o 24 de marzo, día nacional contra os transxénicos en Francia, que reuniu a unhas 1.500 persoas en Bourgoin-Jallieu, na rexión do Ródano.

A carne de gando hormonado provoca infertilidade nos varóns

A revista científica *Human Reproduction*, publicación da Sociedade Europea de Reprodución Humana e Embrionaria, vén de publicar un estudo que revela que os fillos de nais que consumiron grandes cantidades de carne tratada con hormonas poderían ter problemas de fertilidade na idade adulta.

O estudo foi publicado o 27 de marzo, e levouse a cabo entre 387 americanos nados entre 1949 e 1983. A probabilidade de que estes nenos teñan un esperma de calidade insuficiente, segundo os parámetros da Organización Mundial da Saúde (OMS), multiplícase por tres.

A nova, xa importante de por si, acada grande relevancia porque Estados Unidos ten denunciado á Unión Europea, diante da Organización Mundial do Comercio (OMC) por ter decretado un embargo á carne americana con hormonas en 1988, alegando que este alimento supuña un risco para a saúde.

Grazas a este litixio, a OMC consentiulle a Estados Unidos que castigase á Unión Europea gravándolle con aranceis varios produtos. Agora, con este estudo científico na man, cae polo seu propio peso o argumento de Estados Unidos de que non existían probas de que as hormonas fosen prexudiciais para a saúde.

As mulleres da Vía Campesina protestan contra os monocultivos

Na mañá do 7 de marzo, case un milleiro de mulleres da Vía Campesina e dos Sem Terra ocuparon a área do enxeño azucreiro Cevasa, no municipio de Patrocinio Paulista, na rexión de Ribeirão Preto, no interior do estado brasileiro de São Paulo. O enxeño Cevasa é o maior do Brasil en procesamento de cana de azucre para a elaboración de agrocarburos, e boa parte do seu capital pertence á multinacional Cargill.

A ocupación enmarcouse dentro da xornada de loita das mulleres da Vía Campesina con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora, que utilizaron o lema de "Mulleres labregas en loita pola soberanía alimentaria e contra o agronegocio". A elección do enxeño azucreiro Cevasa fíxose porque este tipo de agricultura está baseado na sobreexplotación en réxime de semiescravidade dos labregos e labregas, que provocou

quinze mortes no Brasil, dende o ano 2004, por esgotamento físico. Ademais, trátase dun modelo agrario moi agresivo coa terra e o medio ambiente.

A maiores, tamén se fixeron ocupacións nunha mina de ferro da empresa Vale do Rio Doce, a maior produtora do mundo deste metal; e nas facendas de catro grandes industrias da celulosa -as brasileiras Votorantim e Aracruz, a ianqui Boise, e a finlandesa Stora Enso-.



As protestas en 2007 da Vía Campesina ampliaron o radio de acción das iniciadas contra Aracruz Celulosa hai un ano

Frouma participou na primeira feira forestal de Galiza ForesGal

A asociación promoveu os usos diversos do monte fronte aos monocultivos

A Asociación Frouma acudiu a Foresgal, un evento feiral que reuniu en Lugo, entre o 23 e o 25 de marzo, aos principais axentes dos sectores forestais, medioambientais e madeiros de Galiza. Foresgal foi organizado polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, co apoio das consellarías de Medio Rural e Industria e Agader.



Ao stand de Frouma acudiu xente curiosa para saber do traballo desenvolvido pola asociación

A Asociación Frouma acudiu a Foresgal cun stand no que se mostraron as alternativas que existen no aproveitamento dos montes, alén da explotación exclusivamente madeira con especies de quenda curta que predomina na actualidade. A través dun panel informativo, as técnicas de Frouma tentaron amosar a importancia que poden ter outras producións do monte, tales como a introdución do gando como axente preventivo diante dos incendios forestais; o aproveitamento mixto de madeira e dos froitos con árbores como castiñeiros e nogueiras; a recolección de cogomelos; o cultivo de plantas medicinais e pequenos como arandos, grosellas, amoras, etcétera; ou a apicultura, coa obtención de produtos como o mel, o pole, os propóleos, sen esquecer o papel fundamental que cumpren as abellas como polinizadoras.

Ademais, á xente que se achegou ao stand se lle entregou unha publicación coa normativa vixente en

O sector forestal galego supón o 2'9% do traballo asalariado do país

O Servizo de Montes e Industrias Forestais organizou Foresgal como reflexo do importante peso que o sector forestal ten no noso país, que ocupa o 70% do noso territorio e supón o 9'5% da superficie arborada do Estado. O valor económico do sector forestal ascendeu en 2001 a 28.253 millóns de euros, dos que 16.404 millóns corresponden ao sector produtivo, 9.285 millóns ao aspecto ambiental, e 2.564 millóns ao eido recreativo.

Se consideramos que o sector forestal está formado polas actividades de silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas (industrias da madeira e da cortiza, cestería e espartería, así como a industria do papel) este xerou o 2,5% do Valor Engadido Bruto galego en 2002, e acolleu o 2,6% dos postos de traballo totais (2,9% do emprego asalariado) nese mesmo ano.



materia de prevención e defensa fronte aos incendios forestais. Foi este un tema

que despertou moito interese entre as que se achegaron ao posto de Frouma.

As caducifolias volven aos montes galegos da man da empresa Madeiras Nobres

O pasado 26 de marzo inaugurouse a plantación do proxecto de Investigación e Desenvolvemento (I+D) da empresa Madeira Nobre e a Universidade de Vigo, que ten por obxectivo a reforestación sostíbel con especies caducifolias en Galiza.

Esta plantación experimental está situada en Vincio (Pontevedra), e a súa inauguración foi posíbel grazas ao acordo en I+D entre a empresa agroforestal Madeira Nobre da Serra de Segura; o Laboratorio de Ecoloxía Aplicada da Universidade de Vigo, representado polo profesor Xabier Montalvo; e a Comunidade de Montes de Vincio.

No acto de inauguración desta anovadora iniciativa no monte galego participaron o director xeral de Montes da Xunta de Galiza, Alberte Branco; e representantes da Universidade de Vigo, da Comunidade de Montes de Vincio e da Organización Galega de Comunidades de Montes.

O proxecto denomínase "Reforestación sostíbel con frondosas caducifolias en Galiza: Bases ecotecnolóxicas da produción de especies de alto valor económico en Gondomar (Vincios)", e os seus obxectivos xerais son a diversificación e aumento da calidade da produción forestal en Galiza, o desenvolvemento de técnicas de silvicultura avanzadas para a reforestación con especies caducifolias de madeiras nobres e a mellora da eficacia e a sustentabilidade das técnicas de xestión de ecosistemas forestais.

A plantación está situada nunha parcela de tres hec-

táreas nos montes de Vincios. Alí, vaise avaliar a capacidade de establecemento, persistencia e medre de especies arbóreas caducifolias de interese polo seu potencial produtivo de madeiras nobres nun monte do sur de Galiza, a eficacia de técnicas avanzadas de eliminación de eucaliptos e o seu efecto no crecemento de especies arbóreas caducifolias, e a influencia do tamaño da planta no desenvolvemento das especies principais (castiñeiro e carballo). A plantación, a xestionar durante trinta anos, ten un total de 3.100 árbores, o 80% dos cales son castiñeiros e carballos, e o resto cerdeiras, nogueiras, loureiros, pereiras, érbedos e outras árbores e arbustos, acadando unha diversidade arbórea entre vinte e trinta veces superior á típica plantación de monocultivo de eucaliptos ou piñeiros.

Os traballos sobre o terreo realizáraos a empresa Forvigo SL por encarga de Madeiras Nobres da Serra de Segura. Os traballos previos á plantación foron os seguintes: corta dos eucaliptos existentes (a 1'3 metros uns e descepadados outros); localización e situación dos cepos sobre o plano; deseño da plantación e localización exacta de cada unha das árbores a plantar; encargo da preparación dos fungos para o micorrizado de, polo menos, a metade da plantación; cercado da parcela; estudo da evolución de catro variedades de castiñeiro de viveiro da Universidade e comparación de resultados coa información existente; e preparación e subministro das plantas.



O responsable dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, asistiu á presentación do proxecto de Vincios

Diversificación produtiva con oliveiras en terras de Valdeorras e Ribeira Sacra

O Sindicato Labrego realizou un curso sobre este cultivo como produción complementaria ao viñedo

Unha trintena de labregos e labregas da bisbarra de Valdeorras e Quiroga participaron nun curso sobre o cultivo da Oliveira, organizado polo Sindicato Labrego na localidade de Seadur, en

Larouco, entre o 17 e o 18 de marzo. A recuperación do cultivo da oliveira pode ser unha actividade complementaria á do viñedo e, ademais, axudar unha produción con fonda raigame no

noso país. Visto o grande interese pola olivocultura entre a xente participante no curso, o SLG ofrece as súas oficinas para asesorar a todas as persoas que queiran informarse deste cultivo.

Para o desenvolvemento das clases, contou coa participación de Miguel Gómez Ateca, un olivicultor ecolóxico de Alhauín El Grande, no Val do Guadalorce, en Málaga. Ateca, que é membro da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), dedicou toda a primeira xornada a falar das variedades, enfermidades, práctica ecolóxica, e situación da oliveira na Península Ibérica e no mundo; tamén deu unha lección sobre o terreo sobre identificación de doenzas nestas árbores e sistemas de poda e reprodución.

Gómez Ateca explicou que "Galiza foi o primeiro lugar da Península Ibérica onde se plantaron oliveiras. A oliveira é a árbore máis nobre que existe, dando bos rendementos cun mínimo coidado, e sen precisar un labor intensivo. Mínimos aseo e mínimos coidados para que se podan expresar.

A oliveira é unha árbore que xera un biotopo, un ecosistema auténtico, xunto cos outros que temos que potenciar e coidar, polo que o camiño a seguir é o a produción ecolóxica. Poucas producións son tan

doadas de traballar en ecolóxico como a oliveira.

Debemos ter unha visión xeral do bosque de oliveiras, pero é fundamental fixarse no que se está a facer nesta zona e o que se facía tradicionalmente. As variedades non se comportan igual en cada sitio, polo que o fundamental sería a identificación e a recuperación das variedades antigas que existían no lugar, moi adaptadas e sen apenas enfermidades preocupantes.

Non se debe perder a cultura campesiña que foi practicada e experimentada durante centos de anos e, neste sentido, debe ser prioritario recuperar as técnicas de coidados tradicionais da zona, xa que a poda responde ás necesidades agronómicas de cada lugar, polo que as prácticas culturais de Sevilla poden non ser válidas aquí.

Recuperar a esencia da oliveira como bosque é recuperar o patrimonio histórico e cultural das oliveiras en Galiza, utilizando as variedades existentes, reproducindo a diversidade que existía, facendo selección clonal e reprodución in vitro daquelas oliveiras mellor adaptadas a este territorio. En definitiva, volver plantar oliveiras para facer aceite coa



As clases prácticas sobre o terreo foron unha das partes fundamentais do curso de introdución á olivocultura

finalidade de abastecer o mercado galego, unha actividade que axudará a Galiza na procura da súa soberanía alimentaria".

■ Variedades de oliveira propias de Galiza

O domingo tocoulle a quenda a Álvaro Correia, da Confederação Nacional de Agricultores de Portugal (CNA), olivicultor e viticultor de Tras os Montes. Co-

reia tamén falou de variedades, comportamento vexetativo, plantacións, marco de plantación, recollida, etcétera. Completou a súa intervención falando da elaboración de aceite e, no campo, explicou aos asistentes como fai a poda, a enxertía e a reprodución.

Correia dixo que "a diversificación ten unha grande importancia na pequena ex-

plotación familiar labrega. Temos que defender a agricultura extensiva e ecolóxica, xa que a produción intensiva é antagónica a agricultura familiar. A CEE tróxonos moitos problemas do orde de instalación da oliveira, obríganos a mercar en viveiros os plantóns, e as variedades, sendo parecidas, non son iguais ás tradicionais; as oliveiras actuais teñen moitos problemas, non enraízan como as outras, producen antes pero duran menos, precisan rega, etcétera. Son artificiais".

Por iso, este olivareiro luso defendeu a reprodución "das oliveiras da zona, xa que están adaptadas ao clima e á terra, e sobreviviron centos de anos sen tratamentos, polo que son máis resistentes as enfermidades e pragas. Temos que producir o máis próximo a natureza -en ecolóxico-, xa que dar tratamentos nunha pequena explotación familiar non sería rendible".

Respecto da variedade de oliveira que máis se adapta á zona de Quiroga e Valdeorras, Correia aventurou que pode ser unha variedade que se cultiva na rexión de Bragança chamada Galega ou Campoiã.

A XXV Feira do Viño de Chantada foi a primeira con contratos

A vixésimo quinta Feira do Viño de Chantada quixo ser unha homenaxe ás persoas que fixeron posíbel este evento durante un cuarto de século. A Asociación de Adegueiros tamén premiou a Esther Teixeira Lemos pola súa dedicación ao sector e por ser a propietaria da primeira adega que elaborou viño ecolóxico en Galiza. Segundo os datos da organización, esta foi unha das feiras do viño máis concorri-

das, e nela participaron dezaseis adegas, que venderon 1.200 botellas.

Entre as autoridades que asistiron ao evento, estivo presente o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal. O político nacionalista aproveitou a súa intervención para dar conta das últimas novidades na denominación de orixe Ribeira Sacra, e anunciou que se formalizaran 470 contratos homologados entre once ade-

gas e viticultores e viticultoras. Desta maneira, máis dun millón e medio de quilos de uva, o 30% da produción da DO, foron comercializadas baixo contrato oficial.

Para Suárez Canal, esta edición da feira "marca un antes e un despois dentro da profesionalización e dignificación do sector vitivinícola, grazas á firma de contratos homologados que se fixo este ano por primeira vez".



Miles de persoas achegáronse a Chantada, entre o 9 e o 11 de marzo, para catar os viños desta subzona da Ribeira Sacra

O SLG participou no Encontro de Zonas Ceibes de Transxénicos

O Concello de Palencia súmase aos territorios do Estado español que se declaran limpos de OXMs

O Sindicato Labrego Galego segue a ser a única organización agraria galega que traballa na loita contra dos Organismos Xeneticamente Manipulados (OXMs), participando en diversas


áreas e actividades, tanto a nivel nacional como estatal, ou mesmo a nivel internacional, sempre coa súa posición de rexeitamento a este tipo de cultivos e ás consecuencias negativas que

teñen, como as patentes, que fan dependentes a labregas e labregos e monopoliza a agricultura en mans de catro multinacionais dos sectores químico e farmacéutico.

Cómpre lembrar tamén o que os OXMs significan para a agricultura familiar e as pequenas explotacións: perda da biodiversidade, dependencia de insumos e endebedamento, co conseguinte abandono do medio rural e perda das nosas labores agroalimentares, inseguridade na alimentación e a fin da nosa soberanía alimentaria como pobo.

Dentro desta dinámica reivindicativa, o SLG participou, o 19 de marzo en Zaragoza, nun encontro para declarar zonas ceibes de transxénicos ao que asistiron o responsábel dos sectores agrarios da organización, Xosé Manuel González Vilas; e a súa homónima en agroecoloxía, Charo Sánchez Parga. Vilas e Parga compartiron a xornada con representantes de varias organizacións como a Plataforma Transgenics fora, Ecoloxistas en Acción, ENHE e a CNT.

O encontro tivo unha orde do día moi extensa.



Todas as partes escuras deste mapa de Europa corresponden a territorios ceibes de OXMs

Despois dunha breve presentación e do resumo do traballo desenvolvido por cada

organización ata a data, pasouse a falar das liñas xerais dunha campaña para am-

pliar os territorios limpos de transxénicos. A gran escala falouse de autonomía, de-

Palencia tamén se declara territorio libre de organismos manipulados

O 15 de marzo, coincidindo co Día dos Dereitos de Consumidores e Consumidoras, o Concello de Palencia declarouse territorio ceibe de OXMs, co voto en contra do Partido Popular.

Actualmente, na Unión Europea, e diante da perigosidade -demostrada cientificamente- dos transxénicos, xa hai 172 rexións e 4.500 concellos que se declararon limpos de manipulación xenética. Os máis achegados a nós son Asturias, País Vasco, Menorca, e a rexión portuguesa do Algarve. España segue a ser o país con máis OXMs na UE, coas súas 53.000 hectáreas.

nominacións de orixe, etcétera, e de como encarar este traballo.

Catro frontes para seguir traballando

■ **A nivel local e de concellos:** Achegáronse posicións dos protocolos nas declaracións, xa que non todos os concellos seguen o mesmo camiño para rexeitar os organismos manipulados. Debateuse o seguimento a facer, unha vez que os concellos se declaran zona libre de transxénicos, e da necesidade de facer publica dita declaración.

Valorouse tamén a posibilidade de que os concellos declaren os transxénicos como actividade insalubre, nociva e perigosa, redactando unha declaración de impacto ambiental negativa como ferramenta para rexeitar os OXMs no seu territorio.

■ **No eido agrario:** Nas explotacións agrarias, valorouse como ferramenta de presión as declaracións individuais das labre-

gas, gandeiras e forestais. En canto á venda directa e ás pequenas explotacións, falouse da posibilidade de identificación dos produtos e mesmo das parcelas cun logotipo ou etiqueta que informe ao consumidor de que un determinado alimento ou finca están libres de organismos xeneticamente modificados; a decisión de poñer a etiqueta ou logotipo é persoal.

Nas denominacións de orixe falouse de ter contactos para ver cal é a súa posición ante esta problemática, enfocando a cuestión dende a calidade dos produtos, xa que os organismos manipulados xeneticamente non transmiten conciencia de seguridade alimentaria á cidadanía, e menos de calidade, tanto dende o punto de vista nutricional coma organoléptico.

Tamén se comentou cales serían as denominacións máis doadas de involucrar na campaña: aceites, viños, consellos de agricultura ecolóxica, tenreira galega, etcétera. Veuse a importancia de cuestionar os pensos nos cebadeiros para leite e carne, falándose da necesidade de eliminar a soia dos compostos e das posibles alternativas a esta.

■ **A nivel cidadán:** No encontro, veuse a necesidade de contactar e realizar alianzas con grupos que teñan unha posición afín coma ecoloxistas, organizacións de consumidores, etcétera; darlle difusión aos argumentos contra os transxénicos e realizar conxuntamente actividades de sensibilización.

Valorouse tamén a importancia de traballar coas administracións no seguimento das institucións en

eidos como sementes, pensos e alimentos; e coa cidadanía na declaración de zonas ceibes e do enfoque que se quere dar ás redes de parques naturais, reservas, rede 2000, etcétera. Tamén se abordou o tema dos comedores escolares e os comercios, das estratexias para eles e problemáticas.

■ **Coordinar campañas:** Finalmente, a xornada serviu para debater en que espazos se pode traballar en conxunto na loita contra os transxénicos, como facelo, e como estender a campaña.

A fin de todo este traballo é conseguir as ferramentas necesarias para que o noso goberno teña a ben declararse zona ceibe de transxénicos e unirse así a unha rede cada vez máis grande e espallada por todo o mundo.

Elsa Nivia, representante da Rede de Acción contra os Praguicidas en América Latina (Rap-al)

“Non se publican os datos sobre mortes e intoxicacións agudas por pesticidas”

En 1972, a Conferencia Hábitat das Nacións Unidas, celebrada en Estocolmo, recoñecía o problema dos contaminantes. Non sería ata 1982 cando se publicaría a primeira listaxe de produ-

tos tóxicos e praguicidas perigosos. Pero os compromisos dos gobernos eran daquela maneira, e o que se prohibía no norte, vendíase no sur. Iso fixo que, en 1983, tivese lugar en México

un seminario no que se decidiu crear a Rede de Acción contra os Praguicidas (Rap-al). Aproveitando a súa estadia en Mali, Isabel Vilalba entrevistou a Elsa Nivia, activista deste movemento.

■ ¿Que traballo se está a levar adiante en Rap-al actualmente?

A rede está presente en dezaioito países latinoamericanos, e a nivel mundial forma parte da rede Pan, que tamén está presente en Asia, Europa e Norteamérica. Hai dous obxectivos fundamentais: combater o modelo de produción agrícola baseado en agrotóxicos e promover alternativas.

No ano 1984, fixemos a primeira xuntanza dos tres continentes en Austria, onde se decidiu a primeira campaña internacional de concienciación. O lema elixido foi "a ducia sucia". Inicialmente houbo unha proposta de facer unha campaña contra o emprego do DDT e contra unha multinacional concreta. Sen embargo, considerouse que todos os compostos organoclorados orixinan múltiples problemas para a saúde, non só o DDT. Escolleuse

unha ducia de organoclorados moi significativos por non seren biodegradables, así como por ser os que máis intoxicacións e mortes causan no agro.

■ ¿Cales son os principais efectos na saúde dos praguicidas que estades a detectar?

Hai que diferenciar entre intoxicacións agudas, de carácter inmediato aos tratamentos con agrotóxicos, e intoxicacións crónicas, a máis longo prazo, e que afectan a diferentes órganos (reprodutores, fígado, riles, etcétera).

Un problema moi común son as malformacións conxénitas. Houbo un momento, por exemplo, no que se comercializaba como herbicida unha materia activa, tamén presente no gas laranxa empregado en Vietnam, que se relacionou directamente con moitas malformacións en fetos, e en nenos e nenas pequenas.



Elsa Nivia participou no Foro Mundial de Soberanía Alimentaria Nyélény 2007, celebrado en Mali no mes de febreiro

■ Que se pode facer para evitar todo isto?

Unha estratexia é a educación dos campesiños e das campesiñas, tamén o traballo con estudantes, así como tratar de incidir nas decisións políticas que per-

miten que todos estes compostos estean no mercado.

■ En xeral, ¿temos información sobre estes temas?

Non se publican as cantidades de intoxicacións agudas nin de mortes que se producen cada ano. Non se

teñen en conta os problemas sobre a reprodución, abortos ou malformación de fetos. Mentres o ser se está formando no ventre da nai, é moi importante o equilibrio hormonal para a evolución do propio feto. Gran cantidade de praguicidas teñen efectos hormonais e endócrinos. Pode haber afeccións que logo aparecen na puberdade dos nen@s. Están demostrados efectos sobre a capacidade intelectual, nenas que se desenvolven sexualmente antes de tempo, trastornos para quedar embarazadas, incrementos de cancro de útero e de mama, varóns con cancro de testículos, impotencia, etcétera. Isto acontece porque os praguicidas actúan sobre as hormonas. Outro problema documentado son os efectos sobre o sistema inmunodepresor, o que fai que o que fai que aparezan máis infeccións e enfermidades.

“Hoxe xa sufrimos danos irreversíbeis e, co tempo, as consecuencias serán máis graves”

■ ¿É posible eliminar os riscos con equipos de protección?

Aínda que protexeramos con caretas e traxes as persoas, ¿que protección lle poñemos a auga? ¿Que protección lle poñemos aos peixes e ás aves? O único que podemos baixar a cero son as intoxicacións agudas. Hai problemas que son a medio prazo. Eu podo decidir se fumo ou non fumo; sen embargo, non teño opción para decidir se me alimento ou non me alimento, se bebo ou non bebo.

■ Sen embargo, dinnos que se a presenza do fitosanitario no alimento está por baixo do límite máximo de residuos non hai perigo ¿Isto é así?

O establecemento do concepto de límite máximo de residuos baseábase no principio de que to-

dos os organismos, a través da evolución, desenvolven mecanismos de defensa, como a capacidade de desintoxicar.

Presupoñen que o organismo humano ten capacidade para metabolizar venenos. Estes cálculos fanse con substancias individuais. É imprevisible saber qué pode ocorrer coas mesturas que se fan. Hai niveis de efectos non observables a curto prazo, e os efectos a medio ou a longo prazo non se teñen en conta.

Por outra parte, non se consideran os efectos acumulativos nin qué pasa cando quen comen ese alimento son nenos ou nenas (con moito menos peso), mulleres embarazadas, persoas maiores, ou persoas con problemas no seu sistema inmunolóxico.

■ ¿Como é posible que non se teñan conta estes aspectos que son fundamentais para saber se un produto ten efectos na saúde?

En Colombia levamos vinte anos de fumigacións aéreas con glifosato. Dinnos que non nos preocupemos, que o glifosato pertence á categoría toxicolóxica 4, "non é excesivamente perigoso". Pero o glifosato non se aplica só, porque non penetraría as follas. Para que sexa máis penetrante, faise un composto con outras materias. Con esta formulación, xa se introduce máis nas plantas, pero tamén nas persoas, nos seres vivos, e os efectos son totalmente distintos. Sen embargo, ninguén estudia os efectos do glifosato no composto.

Hai un gran negocio con todo isto, no que están implicados dea-

policía antinarcóticos, multinacionais como Monsanto e o propio Goberno. As grandes plantacións de cocaína non as fumigan porque pagan para que non se fumiguen. Son a pequen@s labregos e labregas a quen se lles destrúen as leiras.

■ ¿Hai solución?

Actualmente, hai danos irreversibles. Canto máis tempo pase, máis graves son as consecuencias. Temos un medio ambiente desequilibrado, danada a fauna favorable, perdida parte da riqueza xenética. En todo o mundo hai experiencias de agricultura orgánica, pero ás veces fanse con monocultivos. Por iso, o concepto de ecolóxico é xa político e, ademais de prácticas sostíbeis co medio, inclúe respecto ás relacións sociais, de xénero, á diversidade, etcétera.

A paridade de homes e mulleres no SLG: un reto para o VII Congreso

Foi unha das propostas xurdidas do encontro de labregas celebrado do 9 ao 11 de marzo en Compostela

O pasado 10 de marzo, dúas xornadas despois do Día Internacional da Muller Traballadora, dúascentas labregas do SLG concentrábanse diante do Parlamento e marchaban ata a compostelá

Praza do Toural para esixir a titularidade compartida nas explotacións. Esta protesta contra a invisibilidade á que están condenadas máis de 34.000 agricultoras en Galiza, foi a parte máis

soada dun encontro de mulleres que se desenvolveu, entre o 9 e o 11 de marzo, para debater e fixar propostas de cara a facer real a igualdade, tanto dentro como fóra da organización sindical.

Unha das decisións máis salientábeis do Encontro de Mulleres do Sindicato Labrego foi a de levar ao sétimo Congreso, que se celebrará este outono, a proposta de modificar os estatutos da organización para que contemplan unha paridade real en todos os órganos e cadros directivos, dende os consellos comarcais á Dirección Nacional.

De callar, o Sindicato Labrego converteríase nun sindicato agrario pioneiro no mundo e pasaría a formar parte dos poucos que teñen dirixentes de ambos xéneros a partes iguais, como o Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil, ou a Vía Campesina.

Outro dos temas importantes tratados no Encontro de Mulleres foi o de iniciar unha campaña contra a violencia de xénero que fará que todos os locais do Sindicato Labrego repartidos polo país poidan servir como punto de referencia para as mulleres afectadas pola violencia, de maneira que poidan obter a información e axuda necesarias para solucionar os seus problemas.

Esta iniciativa nutríase de accións como a edición dunha guía formativa para os traballadores e traballadoras do Sindicato Labrego Galego, un díptico para distribuír de xeito masivo, e a realización dunhas xornadas de capacitación para preparar persoal nesta cuestión.

Esta acción está relacionada co Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina, celebrado en Santiago de Compostela o pasado mes de outubro, no que todas as organizacións agrarias que a integran decidiron emprender unha campaña global de loita e denuncia contra a violencia de xénero en toda a terra.



Centos de mulleres acudiron á cita de mobilizacións e debates do Sindicato Labrego en Compostela, entre o 9 e o 11 de marzo

Recoñecen a titularidade compartida grazas á Secretaría das Mulleres

Na actualidade, as mulleres labregas sofren moitas formas de discriminación de xénero, sendo unha das principais o carecer da titularidade nas explotacións que traballan, feito que afecta ao meirande das 34.800 agriculturas galegas. O carecer de titularidade nas explotacións, a pesares de cotizar á Seguridade Social Agraria, fai que as labregas queden sen nada en caso de separación ou en caso de enviuvamento sen ser herdeiras legais do cónxuxe; ou que se lles deneguen axudas como a destinada a nais traballadoras con fill@s menores de tres anos.

Para Isabel Vilalba, responsable da Secretaría das

Mulleres do Sindicato Labrego, "o feito de non figurar como titular da explotación e como traballadora agraria xera unha inseguridade moi grande e deriva nunha invisibilidade que fai que as mulleres labregas non sexan consideradas traballadoras, a pesares de cotizar á Seguridade Social Agraria e traballar cóbado con cóbado con seu cónxuxe na explotación".

Por iso, o SLG se manifestou o 10 de marzo, para demandar unha titularidade compartida que recoñeza plenamente o traballo das mulleres labregas. Noutros países do Estado, como Euskadi, existen tres tipos de titularidade: individual, pa-

ra unha persoa física; societaria, cando falamos de cooperativas, sociedades civís, etcétera; e titularidade compartida, que recoñece a existencia de varias persoas físicas traballando nunha mesma explotación agraria. Para o SLG, debe haber ese recoñecemento da titularidade compartida ou cotitularidade, en casos como o dunha parella na que se dediquen amb@s á agricultura, para que se recoñeza ás dúas persoas como cotitulares da explotación en pé de igualdade e cos mesmos dereitos, obrigas e capacidade de decisión.

Froito do traballo reivindicativo desenvolvido polo SLG neste eido nas últimas

décadas é o artigo 30 do anteproxecto de lei orgánica para a igualdade entre homes e mulleres no Estado que, por fin, contempla a cotitularidade compartida. Esta reivindicación foi recollida no texto legal grazas á unha campaña de moitos anos da Secretaría das Mulleres do SLG para darlla a coñecer a todos os grupos parlamentarios, e na que contou coa colaboración da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). Outro avance importante é o compromiso da Consellaría de Medio Rural para crear un rexistro de explotacións de cotitulares ou de titularidade compartida.

Crónica dunha mobilización para lembrar que a cotitularidade no agro aínda non é unha realidade

Labregas polo recoñecemento legal e pola titularidade compartida na Galiza

O tempo acompañou, o pasado 10 de marzo, ás duascenas mulleres do Sindicato Labrego Galego que desembarcaron na rúa do Hórreo, fronte ao Parlamento, cunha pancarta que reza-

ba "Labregas polo recoñecemento legal: titularidade compartida". Viñan de estar reunidas o día anterior e esa mesma mañá para reflexionar e debater os xeitos de camiñar, co pensa-

mento e coa acción, cara á igualdade no noso agro e no propio Sindicato Labrego; pero agora tocaba camiñar cos pés para pasear reivindicacións polas rúas compostelás.

34.800 labregas de Galiza relegadas a simple axuda familiar

A primeira mención de Isabel Vilalba foi para "as 34.800 mulleres labregas de Galiza que hoxe non puideron estar aquí con nós". E é que para moitas mulleres labregas non é nada doado poder deixar a súa casa durante tres días; cómpre non esquecer que o peso fundamental da atención ás persoas maiores e enfermas, aos nenos e ás nenas, recae, fundamentalmente, sobre as mulleres.

Vilalba explicou que a manifestación se facía "para esixir o recoñecemento legal do noso traballo: a titularidade compartida das explotacións agrarias", e denunciou un "modelo patriarcal e machista que fai que 34.800 mulleres en Galiza teñamos a consideración de axuda familiar. Pero, ¿que é iso de axuda familiar? Semella que nós non estamos a levar o traballo de

xeito principal nas nosas explotacións, coma se fose unha actividade de tempo libre ou un hobby. Nembargante, nós dedicamos todo o noso tempo, investimos os nosos cartos, e estamos á fronte dos créditos en condicións de igualdade cos nosos compañeiros; e é por iso que esiximos que nos dereitos administrativos que, hoxe en día, son considerados propiedade exclusiva do titular da explotación, teñamos recoñecida a nosa participación en pé de igualdade: cotas lácteas, dereitos de plantación de viñado, dereitos de vacas nutrices, axudas, dereitos de pagamento único, etcétera, que ata o de agora só se lles recoñece aos titulares, maioritariamente homes".

A responsábel da Secretaría das Mulleres repasou algunhas das peores consecuencias da falla de recoñe-

cemento legal da profesión de labrega: "os ingresos veñen só a nome do titular masculino, cando nós contribuímos a xerar eses ingresos na explotación; mulleres que, despois de toda unha vida traballando, fican sen nada tras un proceso de separación; mulleres que teñen que aturar problemas de convivencia, e mesmo situacións de violencia, por non ter unha saída económica clara; mulleres que, cando solicitan unha axuda, se lles denega porque, seica, non está demostrado que sexan agricultoras ao carecer de ingresos propios. En fin, unha invisibilidade total que fai que moitas veces non figuremos nin nas estatísticas nin nos estudos para cuestións tan importantes como, por exemplo, determinar o perigo dos pesticidas e agrotóxicos no traballo agrario".



A manifestación das mulleres do SLG serviu para denunciar publicamente a inexistencia de dereitos para moitas labregas

Isabel Vilalba tamén recoñeceu motivos para a leducia polos avances no anteproxecto da Lei de Igual-

dade e o rexistro de explotacións de cotitulares promovido pola Consellaría de Medio Rural.

Un primeiro chanzo para a plena igualdade no seo do Sindicato Labrego Galego

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, comezou facendo referencia tamén á Lei de Igualdade e ao rexistro de explotacións cotitulares de Medio Rural, e advertiu que "non podemos baixar a garda, pois no intre en que pensemos que xa imos acadando cousas e que, polo tanto, xa podemos reducir a presión, equivocáremonos, porque cada baixada de garda nosa vai ser un pulo para todos aqueles que teñen interese en que non avancemos na conquista dos nosos dereitos".

Nese senso, Lidia Senra pediu que, lonxe de conformarse coas conquistas actuais, se comece a incidir para que "os ministerios de Agricultura e o de Traballo desenvolvan normativas legais para que a titularidade compartida sexa real" e animou "a estar en garda, a seguir traballando para que esta lei se faga efectiva e non teñamos que seguir pedindo medidas de acción positiva para que se recoñezan os nosos dereitos. Que por lei estea claro que somos labregas, que somos titulares, e que temos os



A manifestación rematou na Praza do Toural, onde interviñeron Lidia Senra e Isabel Vilalba

mesmos dereitos nas nosas explotacións".

E para que todos estes avances sexan posíbeis, Senra reclamou que cumpría

comezar a avanzar na propia organización sindical para "chegar en pé de igualdade ao 50% aos consellos comarcais, á Direc-

ción Nacional, ás direccións sectoriais e á Comisión Executiva. Ese é o reto polo que debemos seguir loitando na nosa organización".

Axudas a nais con fill@s menores de tres anos

Orde do 27 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de tres anos para o ano 2007.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo/a menor de tres anos, sendo a contía da prestación de 360 euros por cada un dos fillos/as. O **prazo** para solicitar remata o **14 de maio**.

Axudas á xestión zootécnica para gando vacún, ovino e cabrún no Programa de Mellora Gandeira

Orde do 15 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de programas de xestión zootécnica no gando vacún,

ovino e cabrún, no marco do Programa de mellora gandeira de Galicia, e se convocan para o ano 2007. O **prazo** de presentación de solicitudes será ata o **27 de maio**.

Axudas para ás explotacións con programas de erradicación de enfermidades animais

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de encefalopatías esponxi-

formes transmisibles ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

O **prazo** de presentación de solicitudes remata o **21 de novembro**.

Axudas para as entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeira

Axudas á realización de programas de planificación zoonosanitaria polas entidades recoñecidas pola Consellería do Medio Rural como

agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). O **prazo** de presentación de solicitudes será ata o **15 de xuño**.

Axudas para paliar e prever os ataques do lobo

Para cada exercicio económico concederanse axudas polos danos ocasionados polo lobo, a partir do 1 de outubro do ano anterior ata o 30 de setembro do devandito exercicio. Nas 24 horas seguintes ao ataque, os propietarios das reses

deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente no teléfono 900 186 186.

Ademais, hai axudas para financiar medidas preventivas dos ataques do lobo, cun **prazo** de solicitude ata o **29 de abril**.

Prorrógase o prazo para a presentación da solicitude única no réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e gandería ata o 30 de abril.

Axudas para repoñer animais de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas

O **prazo** de presentación de solicitudes será durante os 40 días há-

biles seguintes á adquisición dos animais.

Fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo

Bases reguladoras das axudas para promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas, mediante unha mellora da súa competitividade, así como a promoción do cooperativismo a través dos seguintes programas:

-Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

-Programa II: mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

-Programa III: impulso de proxec-

tos empresariais cooperativos.

-Programa IV: fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

-Programa V: actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

O **prazo xeral** para a presentación de solicitudes de axudas do programa I, II, III e IV finalizará o **15 de setembro**. O prazo de presentación de solicitudes da axuda pola incorporación de socios e socias traballadores/as ou de traballo será de tres meses desde a alta na Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes para o **programa V** rematará o **31 de maio**.

Axudas á produción e comercialización apícola

Esta orde ten por obxecto o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e

comercialización dos produtos da apicultura. O **prazo** para a solicitudes remata o **29 de abril**.

Fomento e consolidación de cooperativas

Axudas para o fomento e consolidación do cooperativismo, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e

a realización de actividades de promoción do cooperativismo. O **prazo** para solicitar remata o **21 de maio**.

Reconversión e reestruturación do viñado

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2007 das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñado en Galicia. Estas axudas teñen por finalidade incentivar:

a) Reconversión varietal.

b) Reimplantación de viñedos.

c) Melloras das técnicas de xestión do viñado.

O prazo para facer as solicitudes remata o **31 de maio**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

Xovencas próximas ao parto.
Chamar ao 629 308 667

Véndese

Tanque de leite con 300 litros de capacidade.
Preguntar por Xosefa no teléfono 982 508 142

Véndese

Rotoempacadora GALLIGANI 3.120 con picador. Seminova.
Preguntar por Antonio no teléfono 607 466 727

Véndense

Vacas de carne con cría.
Preguntar por Manuel no teléfono 689 752 400

Véndense

-Rotativa VICON de 1'90.
-Abonadora VICON de 900 quilos.
-Circuíto WESFALIA, enteiro ou por pezas.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615. Ás 13:00 horas.

Véndese

Rotativa MORRA de 1'90. En bo estado. Ten seis anos. En Sobrado.
Chamar ao 609 733 289

Véndense

-Sementadora de millo neumática de catro liñas.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Rotativa de 1'70.
Todo barato.
Chamar ao 629 738 884

Véndense

-Autocargador GALAGRI.
-Sala de muxido de 4 puntos.
Chamar aos números de teléfono 982 160 657 e 647 172 807

Véndese

Tractor BARREIROS 7.000, de 70 CV, coa ITV ao día. En Santa Cristina (Cospeito).
Chamar ao 982 520 399

Véndese

Remolque de dous eixes.
Chamar ao 636 088 618

Véndense

-Ocas.
-Muíño, tractor e eléctrico, de 5 CV de potencia.
-Renault Megane TD de 90 CV, matrícula C-3710-BT
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

Véndense

-Silo de herba. Segundo corte picado.
-Rolos de herba. Segundo corte picado.
Chamar ao 881 060 123

Véndese

Forno de ladrillo refractario sen usar. Prezo: 200 euros.
Chamar ao 651 116 854

Véndense

Dúas eguas preñadas.
Chamar aos números de teléfono 982 163 465 e 630 561 310

Véndese

Empacadora WELGER AP-400, con pouco uso.
Chamar ao 982 370 655

Véndese

Ciclomotor en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 626 334 770

Compra - Venda - Troco

Véndense
-Autocargador GALAGRIA.
-Motocarro APC-50
-Angazo mecánico USAMA L-410
Preguntar por Martina no teléfono 616 989 964

Véndese
Xato pinto, con carta completa e 17 meses de idade.
Chamar ao 690 828 935

Véndense
Por peche de explotación:
-Carro mesturador vertical de 12 m3, coitelas hidráulicas, con cinta alimentadora desprazable a ambas bandas, pé hidráulico, e con pouco uso.
-Tractor MASSEY-FERGUSON 8.120 Dynasift de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Cornadizas autotrabantes.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, medidores volumétricos, e programador de lavado.
-Estendedor de herba no silo con furador para estacas.
-Limpeza automática hidráulica.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
Comedeiro de pensos móbil. Galvanizado. En bo estado. En Irixoa.
Chamar ao 981 788 221

Véndese
Rotativa modelo BELLON 170.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndese
Empacadora.
Chamar ao 981 459 139.

Véndese
Moto de 125 cc tipo Custom, cor negra, con 9.000 quilómetros.
Chamar ao 629 622 802

Véndese
Báscula electrónica de 15 quilos.
Chamar aos números de teléfono 981 670 665 e 650 911 778

Véndese
Desbrozadora de cadeas. Ancho de traballo: 1'40 metros.
Chamar ao 670 895 789

Véndense
Tanque de leite e circuíto de muxido marca GASCOIGNE, de 3 puntos e lavado automático.
Chamar aos números de teléfono 981 196 868 e 620 306 456

Véndese
Segadora BCS en bo estado. Prezo a convir. Con documentación.
Chamar pola noite ao teléfono 982 154 385. Preguntar por Raúl.

Véndense
-Tractor FIAT 130-90 turbo.
-Rotativa KUHN de 2'40.
-Sulfatadora de 800 litros.
Chamar ao 657 390 490

Véndese
Tractor de 56 CV, con arado, fresa e remolque con guindastre. Marca ANTONIO CHARRO, modelo Supertigre 7700. Dobre tracción.
Chamar polas noites ao teléfono 988 271 358

Véndense
3 sofás de sala. Un con tres prazas e dous individuais. Seis meses de uso. En bo estado.
Chamar ao 619 733 289

Véndense
-Herba seca.
-Arados xemelgos.
En Santa Cristina (Cospeito).
Chamar ao 982 505 798

Véndense
-Tractor NEW HOLLAND TS 90 con pa TENIAS serie 200B2.
-Picadora JOHN DEERE modelo 57.30, con cabezal KEMPER 4500.
Chamar ao 699 380 374

Véndense
-Tractor CASE IH, modelo 5150.
-Cabezal CLASS 300 para a herba.
Chamar ao 667 269 883

Véndense
-Tanque de frío de 500 litros PORTINOX.
-2 caldeiros de muxir.
Todo con moi bo uso.
Chamar ao 981 798 681

Véndense
-Bebedeiros de aceiro inoxidable.
Preguntar por Iván no teléfono 609 034 203

Véndense
70 gaiolas para coellos.
Chamar ao 620 169 531

Véndense
Angazo mecánico VICON.
Chamar ao 649 823 161

Véndense
-Encintadora de brazos.
-Enroladora.
Chamar ao 679 890 628

Véndense
-Sala de muxido marca MANUS, de 4 puntos, con medidores volumétricos e retiradores.
-Tanque de frío FONSERET de 1.050 litros, para dous muxidos.
Por abandono de actividade.
Chamar ao 620 062 581

Véndense
-Tractor JOHN DEERE 3050 de dobre tracción.
-Rotoempacadora GREENLAND.
-Encintadora CARRARO.
-Segadora rotativa PZ 190.
-Angazo mecánico PZ.
Por peche de explotación.
Chamar ao 626 039 223

Véndense
-Cisterna de 1.500 litros marca CALAGRI.
-Motosegadora BERTOLINI.
Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179 383

Véndense
-Grade rotativa KUHN, 3 metros.
-Poldro para os pés das vacas.
Chamar ao 669 839 647

Véndense
Colleitadora de patacas marca AGROMER PIONNER, con tolva de 1.300 quilos. Cor azul.
Chamar ao 619 904 183.

Véndense
-Rulos de herba seca.
-Un silo de herba.
-Tanque de leite de 1.000 litros e 4 muxidos, marca PAKO.
Preguntar por Luís no teléfono 982 150 271

Véndense
Tanque de leite de 1.000 litros, marca TACKO.
Chamar ao 982 153 098

Véndense
-270 gaiolas para coellos, de 40x90.
-Sistema de limpeza con pas para arrastrar.
En Celanova (Ourense). Chamar polas noites ao 988 457 400

Véndense
-Sala de muxido WESFALIA con 4 puntos e 4 medidores.
-Tanque de frío de 850 litros.
Preguntar por Eloi nos teléfonos 988 425 274 e 680 744 717

Véndense
-Coche sen carné seminovo, a gasóleo, con peche centralizado e elevador de fiestras eléctrico.
-Porta basculante dobre, reforzada, con porta de entrada.
Chamar ao 653 204 315

Véndense
Becerras pintas e un poldro de dous anos e medio, cor alazán.
Preguntar por Toño no teléfono 669 237 213

Véndense
Autocargador LACASTA P 14.
Chamar ao 981 517 755

Véndese
Salvado e fariña de trigo para o gando. Muíño de Laxe (Castroverde).
Chamar ao 619 176 066

Véndense
Dous invernadoiros con xeradores de aire, en Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono 605 400 351

Véndese
Volkswagen GOLF IV 1.9 TDI, do ano 2002, con moitos extras e con 92.000 quilómetros.
Chamar ao 686 983 589

Véndese
Remolque agrícola na Limia (Ourense), marca PASTRANA. 13.000 quilos de capacidade, 5x2'4 metros, ballestas no piño, eixe tándem, freo hidráulico, estrutura metálica e poliéster, apertura nos tres sentidos, basculante de cinco corpos ao 45%.
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275

Véndense
-Circuíto de muxido MANUS, de tres puntos.
-Tanque de frío ALFA LAVAL de 730 litros.
-Xovencas con carta.
Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665

Véndese
Esterco de ovella en Maceda (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 986 438 605 e 607 900 455

Véndese
Tractor JONH DEERE 2700 DT, en bo estado. Prezo a negociar.
Chamar ao 638 045 317

Véndense
-4 lamias (llantas) marca MOMO, de 5 parafusos, montadas en cubertas de coche.
-4 rodas novas de lamia do 15.
-Viño de colleita propia da zona de Paradela (Sarria).
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndense
-Rotoempacadora KRONE.
-Rotativa de 1'65.
Chamar ao 628 071 424

Véndense
-Moto KTM de 350 cc de monte, en moi bo estado.
-Honda NSR de 80 cc, de estrada, en bo estado.
Chamar aos números de teléfono 686 468 800 e 619 301 049

Véndense
Rulos de silo de herba encintados, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 981 694 339

Véndese
Viño da zona de Portomarin, de colleita propia.
Chamar ao 626 686 509

Véndese
Barrica de viño de 100 litros de capacidade.
Chamar ao número de teléfono 982 164 103

Véndense
Dous tanques de leite de 350 e 400 litros.
Preguntar por Mariña no teléfono 981 483 144.

COMPRAS

Mércanse
Conxelador e neveira.
Chamar ao 620 169 531

Mércase
Cisterna de zurro de 6.000 litros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase
Cisterna de zurro de 5.000 litros.
Preguntar por Xulio no teléfono 988 447 414

Mércase
Remolque espaxecedor de esterco.
Preguntar por Adolfo no 647 459 163

Mércase
Cisterna de 10.000 litros.
Chamar polas noites ao teléfono 618 304 983

OUTROS

Necesítase
Persoa interesada en manter e mellorar unha explotación gandeira de vacún na provincia de Ourense.
Chamar aos números de teléfono 988 491 531 e 627 744 956

Alúgase
Granza de coellos de 300 nais. No lugar de Sabariz, en Rairiz de Veiga (Ourense).
Preguntar por Olga no teléfono 988 302 197

Búscase
Traballador/a para explotación de vacún de leite en Xermade (Lugo).
Chamar ao 627 950 681

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Abril: Mobilizacións contra as industrias e distribuidoras que baixen o prezo do leite

As tres organizacións agrarias galegas acordaron iniciar mobilizacións, no mes de abril, contra as industrias e cadeas de distribución que baixen o prezo do leite. A primeira das accións de protesta xa ten un obxectivo: a empresa Lactalis-Besnier, cuxa factoría na Galiza se atopa en Vilalba (Lugo), por ser a única industria que, polo de agora, baixou o prezo do leite, rachando os acordos adoptados na mesa do sector. Nunha conxuntura económica na que non existen razóns obxectivas de mercado que xustifiquen ningunha baixada, o Sindicato Labrego Galego non vai tolerar a depreciación do noso leite.



FERIA INTERNACIONAL
Semana Verde
de Galicia



> 13 ao 17 de Xuño '07



Agricultura

Gandeiría

Maquinaria

Equipamentos

sementando futuro <<

www.feiragalicia.com



FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA · 36540 SILLEDA · Pontevedra · Tel 986 577000 · semanaverde@feiragalicia.com